- 38607 - 30487 (10/PRE-011184)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre os informes da comisión mixta de seguimento referidos á prestación de servizos pola empresa concesionaria no novo hospital de Vigo, o papel que está a desenvolver ao respecto a persoa representante da Xunta de Galicia no consello de administración e as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego en relación co conflito laboral relacionado coas bolsas de roupa sucia

- 38456 - 30508 (10/PRE-011185)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre o coñecemento polo Goberno galego dos problemas sinalados polo colectivo de mulleres afectadas polo uso do dispositivo intrauterino Essure, a existencia no Sergas dalgunha unidade de referencia e dalgún protocolo para o seu tratamento e atención, así como dos medios humanos e materiais necesarios para ese fin

- 38455 - 30535 (10/PRE-011187)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 2 máis

Sobre as razóns do Sergas para prohibir o uso do Centro de Saúde de Cerdido para exposicións ou calquera outro fin que non teña carácter estritamente asistencial

- 38391 - 30678 (10/PRE-011192)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a posibilidade do Goberno galego de garantir en Galicia, durante os meses de verán, o mesmo nivel de atención sanitaria que no resto do ano, os datos, as previsións e a súa planificación ao respecto

- 38454 - 30728 (10/PRE-011194)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto da reapertura do consultorio médico na parroquia de Oural, no concello de Sarria

- 38365 - 30741 (10/PRE-011196)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da atención sanitaria que se está a prestar na comarca do Salnés, así como as actuacións que vai levar a cabo para a súa mellora

- 38606 - 30764 (10/PRE-011198)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e 2 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para garantir a asistencia sanitaria ás persoas estranxeiras na Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Lugo, e a súa opinión en relación coas dificultades denunciadas ao respecto polas traballadoras sociais

- 38605 - 30767 (10/PRE-011199)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coas denuncias da Comisión de Centro do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense referidas ao uso das instalacións do novo aparcadoiro por profesionais de empresas externas, as súas razóns para non dar resposta ás solicitudes desa comisión para o seu uso polo persoal do centro, así como para non asumir a súa xestión pública directa

- 38407 - 30841 (10/PRE-011201)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para non cubrir as baixas e vacacións do persoal facultativo do Servizo de Pediatría en Burela, Cervo e San Cibrao, así como as medidas previstas para evitar a repetición da situación xerada con esa decisión

- 38406 - 30973 (10/PRE-011203)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego para procurar unha saída consensuada ás demandas dos médicos internos residentes (MIR) do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense referidas á redistribución das áreas de descanso vixente desde o 10 de maio de 2018 e as razóns técnicas dos cambios introducidos

- 38405 - 30998 (10/PRE-011204)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coas reivindicacións laborais dos técnicos en coidados auxiliares de enfermería (TCAE) do novo hospital de Vigo referidas ao traslado das bolsas da roupa sucia e a retirada dos expedientes sancionadores iniciados, as razóns da empresa concesionaria para non asumir esa función e o seguimento que fai o Sergas da dispoñibilidade por esta do persoal necesario para a prestación dos servizos concesionados

- 38604 - 31358 (10/PRE-011209)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre os prexuízos que lles están a ocasionar aos doentes e aos profesionais do Centro de Saúde de Cambados as decisións do Goberno galego de non substituír os permisos e as vacacións do persoal, así como de pechar o centro en horario de tarde durante o verán, e as súas previsións respecto da garantía da presenza de equipos completos de profesionais en todas as quendas do punto de atención continuada

- 38603 - 31483 (10/PRE-011211)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as recomendacións do Consello de Contas de Galicia referidas ao servizo domiciliario de terapias respiratorias que se están a aplicar na práctica, o incremento polo Goberno galego do control respecto da execución do contrato na prestación do servizo e as súas previsións en relación coa recuperación da súa xestión pública

- 38602 - 31538 (10/PRE-011212)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as razóns do Goberno galego para non cubrir as vacacións e permisos do persoal do Centro de Saúde de Cambados, a súa opinión en relación co peche do centro pola tarde e as medidas previstas ao respecto

- 38601 - 31544 (10/PRE-011213)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e 2 máis

Sobre as razóns da inexistencia de servizo de pediatría e dun facultativo de garda ata a noite no concello de Baralla, a opinión e as previsións da Consellería de Sanidade ao respecto

- 38686 - 31635 (10/PRE-011214)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a opinión do Goberno galego referida á relación contractual que está a manter cos centros concertados para a prestación do servizo de diálise, a situación na que se atopa a regularización das contratacións e as actuacións levadas a cabo para o cumprimento das recomendacións do Consello de Contas na materia, así como as razóns da demora na elaboración dun plan específico de saúde renal e das variacións detectadas por ese organismo nos servizos de hemodiálise

- 38600 - 31693 (10/PRE-011215)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia referidas ao desenvolvemento de medidas específicas para favorecer o inicio da actividade da Asociación sen ánimo de lucro Por Eles TEA Ourense, impulsada por pais e nais de persoas con autismo, e a avaliación da posibilidade de establecer algún convenio de colaboración a través do Sergas para dotala de persoal de reforzo e do material necesario, así como as súas intencións respecto do reforzo na cidade de Ourense da atención do trastorno do espectro do autismo a través da sanidade e dos servizos sociais públicos

- 38647 - 31840 (10/PRE-011217)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a actuación levada a cabo pola Dirección do Hospital Lucus Augusti de Lugo en relación co suicidio dunha doente nese centro o día 12 de maio de 2018 e as previsións do Goberno galego ao respecto

- 38599 - 31997 (10/PRE-011219)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que está a levar a cabo e as previsións do Sergas para garantir a cobertura das prazas de pediatría necesarias nos centros de saúde de Coruxo e de Navia, en Vigo, así como as medidas que está a adoptar para garantir a atención pediátrica para o conxunto da poboación infantil de Galicia

- 38598 - 32015 (10/PRE-011220)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a situación na que se atopa a execución e remate das obras do novo centro de saúde de Ares e a existencia dalgún problema para o traslado operativo ás novas instalacións do servizo de atención sanitaria que se está a prestar de xeito provisional na actual localización, así como os novos servizos sanitarios que se van implantar e os prazos previstos para a súa entrada en funcionamento

- 38594 - 32286 (10/PRE-011221)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre os prazos previstos polo Goberno galego para solucionar as deficiencias que presenta o servizo de atención pediátrica do concello do Val do Dubra, como consecuencia da redución do seu horario de atención e o traslado a outro espazo do seu lugar de consulta

- 38646 - 32312 (10/PRE-011222)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do servizo de atención primaria que se está a prestar no concello de Forcarei, na provincia de Pontevedra, os datos ao respecto referidos ao Centro de Saúde de Soutelo de Montes e as actuacións previstas polo Sergas para garantir os servizos de matrona e de pediatria no Centro de Saúde de Forcarei durante o período vacacional

- 38685 - 32323 (10/PRE-011223)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 4 máis

Sobre a opinión do Goberno galego en relación cos criterios que está a aplicar o Sergas para a atención das reivindicacións locais en materia de atención primaria e as súas previsións referidas ao investimento real levado a cabo ao remate de 2018 nas partidas orzamentarias destinadas a equipamento, construción e mellora de centros de saúde da provincia Pontevedra, así como as previsións ao respecto para o ano 2019

- 38592 - 32344 (10/PRE-011224)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as deficiencias detectadas nas cociñas da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Ourense, en particular na do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, o prazo previsto para a posta en funcionamento do novo servizo de cociña no novo edificio dese hospital e as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego na cociña actual namentres, así como a súa opinión respecto da garantía nesta das condicións de seguridade laboral necesarias

- 38390 - 32602 (10/PRE-011229)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto da posibilidade de adoptar medidas máis protectoras da confidencialidade dos datos persoais nos concursos e resolucións da Consellería de Sanidade

- 38364 - 33076 (10/PRE-011239)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a posibilidade de garantía polo Goberno galego do cumprimento das condicións sanitarias e de seguridade necesarias a partir do novo concurso para a concesión do transporte sanitario aéreo do 061 e as razóns das modificacións introducidas nas condicións exixidas á empresa concesionaria en termos de formación dos pilotos, características técnicas dos aparatos, medidas de seguridade e tipo de voo, así como a incidencia que van ter na cobertura do servizo

- 38363 - 33089 (10/PRE-011240)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da garantía da cobertura pediátrica na atención primaria en Galicia nas mellores condicións posibles, a necesidade de mellorar a calidade da oferta

formativa no senso de inserir maior formación pediátrica nela e as súas previsión en relación co inicio dun proceso extraordinario de contratación de pediatras para o Sergas

- 38588 - 33124 (10/PRE-011241)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da substitución do facultativo do centro médico de Cabo de Cruz para evitar o seu peche durante os meses de verán

- 38303 - 28128 (10/PRE-011318)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e 2 máis

Sobre as estimacións que manexa a Xunta de Galicia en relación coas perdas do sistema portuario galego por mor dos danos causados polos temporais Ana, Félix e Gisele, as medidas que ten previsto adoptar para paliar e os danos sufridos pola frota de baixura como consecuencia deses mesmos temporais

- 38298 - 30337 (10/PRE-011332)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e 3 máis

Sobre a información concreta da Xunta de Galicia en relación cos mecanismos de avaliación do stock previstos na resolución da Secretaría Xeral de Pesca referida ás disposicións de ordenación da pesca da sardiña ibérica nas augas ibéricas da zona CIEM VIIIc e IXa, así como coa posta en marcha dun programa de observadores científicos a bordo designados por esa secretaría, e as súas razóns para permitir a inxerencia doutra administración nas súas competencias sobre a xestión da pesca da sardiña pola arte do xeito

- 38297 - 32976 (10/PRE-011353)

Grupo Parlamentario de En Marea

Torregrosa Sañudo, Julia e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa aplicación na actualidade da Orde do 26 de outubro de 2000 pola que se regula o abastecemento de semente de mexillón aos viveiros e as súas habilitacións, períodos e cantidades máximas de extracción por zona, así como as súas intencións respecto da súa actualización e, se é o caso, as modificacións que vai introducir

- 38644 - 33504 (10/PRE-011356)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego en relación co inicio e posta en servizo da nova estación intermodal da Coruña, así como os compromisos de cofinanciamento por distintas administracións públicas e os fondos UE aplicados ao proxecto

- 38643 - 34739 (10/PRE-011497)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a información, enviada pola empresa comercializadora de gas natural, da obriga de revisión das instalacións dous anos antes do prazo establecido nos contratos

- 38642 - 35656 (10/PRE-011551)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para evitar o impacto do desenvolvemento do proxecto integrador da estación intermodal de Ourense no centro de saúde da Ponte, así como a súa opinión respecto da súa afección no tráfico rodado da cidade, nas súas conexións, en materia acústica e na calidade do aire

- 38641 - 35793 (10/PRE-011562)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para demandar o abaratamento e a ampliación da frecuencia horaria da liña Avant Ourense-Santiago de Compostela-A Coruña, o aumento do período de uso dos bonos de transporte Abono Tarxeta Plus, Tarxeta Plus 10 e Tarxeta Plus 10 Estudantes, así como a ampliación da frecuencia horaria da liña rexional Ourense-Santiago de Compostela

- 38586 - 35806 (10/PRE-011563)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación co anuncio de despedimento de corenta e nove traballadores e traballadoras da fábrica de Sargadelos, en Cervo, as medidas previstas para garantir o mantemento dos postos de traballo e o futuro da factoría, así como os datos referidos ás axudas públicas recibidas pola empresa nos últimos oito anos

- 38640 - 36750 (10/PRE-011649)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco e Lago Peñas, José Manuel

Sobre a situación económica da empresa Isowat Made, do grupo Invertaresa

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2018

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

2.4.3. Convocatorias

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar unha sesión o próximo día 23 de outubro de 2018, ás 10:00 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 16 de outubro de 2018, a orde do día da sesión é a seguinte:

Punto 1. Fixación do número do membros da Cámara encargados da defensa da Proposición de lei, do Parlamento de Galicia, presentada perante o Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia, e posterior designación. (Art. 163.3 do Regulamento do Parlamento de Galicia) (doc. núm. 31372, 09/PPLC-000014)

Punto 2. Mocións

2.1 37732 (10/MOC-000106)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación económica e social de Galicia. (Moción a consecuencia da interpelación nº 34252, publicada no BOPG nº 349, do 31.08.2018, e debatida na sesión plenaria do 25.09.2018)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 365, do 03.10.2018

2.2 37737 (10/MOC-000107)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación ambiental do río Umia. (Moción a consecuencia da interpelación nº 36141, publicada no BOPG nº 354, do 12.09.2018, e debatida na sesión plenaria do 25.09.2018)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 365, do 03.10.2018

2.3 37754 (10/MOC-000108)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa redución da oferta educativa nos concellos. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 34790, publicada no BOPG nº 352, do 05.09.2018, e debatida na sesión plenaria do 25.09.2018)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 365, do 03.10.2018

Punto 3. Proposicións non de lei

3.1 34727 (10/PNP-002608)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e sete deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe desenvolver a Xunta de Galicia ante o Ministerio de Agricultura e Pesca para contrarrestar o efecto das medidas adoptadas polas autoridades sanitarias a propósito do anisakis

Publicación da iniciativa, BOPG nº 349, do 31.08.2018

3.2 36234 (10/PNP-002696)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa tramitación da modificación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal dos terreos de Ence en Lourizán, así como as demandas que debe realizar ao Goberno central respecto do acordo de prórroga da concesión adoptado o 20 de xaneiro de 2016

Publicación da iniciativa, BOPG nº 358, do 19.09.2018

3.3 36650 (10/PNP-002723)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Cal Ogando, Marcos

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa Lei orgánica 11/2015 e coa Lei 41/2002, así como as actuacións que debe levar a cabo respecto do acordo parlamentario do 23 de novembro de 2016 referido á interrupción voluntaria do embarazo, a obrigatoriedade da educación afectivo-sexual no currículo escolar e o desenvolvemento de campañas de formación sobre métodos anticonceptivos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 358, do 19.09.2018

3.4 36793 (10/PNP-002746)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Fernández Fernández, Raúl

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego destinadas á declaración oficial como praga da *Vespa velutina* na comunidade autónoma, así como dirixirse ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para que revise a versión aprobada pola Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade do 14 de novembro de 2014 e pola Conferencia Sectorial de Medio Ambiente o 16 de abril de 2015 denominada Estratexia de xestión, control e posible erradicación da avésa asiática ou avésa negra e trasladar ás institucións europeas a urxencia da situación medioambiental que está a suceder en Galicia para que se aborde no seo da Unión Europea e definir unha estratexia comunitaria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 358, do 19.09.2018

3.5 36986 (10/PNP-002764)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Nóvoa Iglesias, Marta e cinco deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas axudas de compensación por custos adicionais incorridos por industrias electro-intensivas, previstas na disposición adicional centésima cuadraxésima quinta da Lei de Orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, por importe de 150 millóns de euros

Publicación da iniciativa, BOPG nº 362, do 26.09.2018

3.6 37671 (10/PNP-002809)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco

Sobre a demanda do Goberno galego ao Ministerio de Transición Ecolóxica da realización das modificacións oportunas para posibilitar o ofrecemento do bono social por todas as empresas comercializadoras de electricidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 365, do 03.10.2018

3.7 37693 (10/PNP-002811)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 4 deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa extensión da rede de puntos de encontro familiar a todo o territorio galego, así como a mellora do protocolo e condicións de acceso das persoas usuarias ás súas instalacións

Publicación da iniciativa, BOPG nº 365, do 03.10.2018

3.8 38250 (10/PNP-002844)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 deputados/as máis

Sobre as actuacións que se deben levar a cabo en relación coa presentación do precurso de acredores por parte da empresa que xestiona o hospital privado Povisa e o concerto que mantén co Sergas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 368, do 10.10.2018

Punto 4. Interpelacións**4.1 35901 (10/INT-001193)**

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a política do Sergas en materia de contratación de persoal

Publicación da iniciativa, BOPG nº 354, do 12.09.2018

4.2 37366 (10/INT-001246)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Pierres López, María Luisa

Sobre a política do Goberno galego en materia de estradas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 365, do 03.10.2018

4.3 38081 (10/INT-001262)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e catro deputados/as máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa execución de obras de infraestruturas rurais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 368, do 10.10.2018

Punto 5. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta**5.1 38773 (10/POPX-000109)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a opinión do Goberno galego respecto das denuncias do persoal sanitario, asociacións de doentes, sindicatos, plataformas sanitarias e colexios médicos referidas á deterioración e privatizacións da sanidade pública

Publicación da iniciativa, BOPG nº 371, do 16.10.2018

5.2 38774 (10/POPX-000110)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre a avaliación que fai o Goberno galego do grao de cumprimento das previsións do Plan MOVE

Publicación da iniciativa, BOPG nº 371, do 16.10.2018

5.3 38775 (10/POPX-000111)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre as medidas comprometidas polo Goberno galego no plan de choque contra os incendios forestais que foron realmente executadas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 371, do 16.10.2018

Punto 6. Preguntas ao Goberno

6.1 33384 (10/POP-003846)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego para atallar a situación de discriminación laboral por razón de sexo que se está a dar no servizo de limpeza da Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 338, do 19.07.2018

6.2 38107 (10/POP-004477)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e dous deputados/as máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto do cumprimento do prazo establecido no Plan MOVE 2009-2015 para o remate da actuación denominada «VAP Tui-A Guarda, treito I: Tui (enlace A-55)-Tomíño (enlace PO-350)»

Publicación da iniciativa, BOPG nº 368, do 10.10.2018

6.3 38162 (10/POP-004488)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e dous deputados/as máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto do cumprimento do prazo establecido no Plan MOVE 2009-2015 para o remate da actuación denominada «VAP Nadela-Sarria. Desdoblamento da VAP Nadela-Sarria»

Publicación da iniciativa, BOPG nº 368, do 10.10.2018

6.4 38757 (10/PUP-000195)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e trece deputados/as máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para dignificar as condicións laborais do sector da elaboración dos produtos do mar, diante da situación actual da negociación do seu convenio

Publicación da iniciativa, BOPG nº 371, do 16.10.2018

6.5 35932 (10/POP-004244)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e oito deputados/as máis

Sobre os trámites que debe seguir a Xunta de Galicia conxuntamente co Consorcio da Zona Franca de Vigo para o cumprimento dos prazos establecidos para a execución do proxecto de construción do primeiro campus de formación profesional na cidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 355, do 13.09.2018

6.6 38146 (10/POP-004484)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e dous deputados/as máis

Sobre as razóns do incumprimento do catálogo de postos de traballo de mestres de educación infantil no Centro Público Integrado As Mirandas, do concello de Ares

Publicación da iniciativa, BOPG nº 368, do 10.10.2018

6.7 37864 (10/POP-004439)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do impulso da dotación á provincia de Lugo dun centro integral de referencia para as persoas diagnosticadas con trastornos do espectro do autismo, TEA

Publicación da iniciativa, BOPG nº 368, do 10.10.2018

6.8 33469 (10/POP-003862)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vega Pérez, Daniel e seis deputados/as máis

Sobre os programas da Xunta de Galicia destinados a incrementar o consumo de leite

Publicación da iniciativa, BOPG nº 342, do 27.07.2018

6.9 38724 (10/PUP-000194)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis

Sobre a adopción polo Goberno galego das medidas necesarias para evitar no sucesivo episodios como a vaga de lumes que assolou Galicia en outubro de 2017

Publicación da iniciativa, BOPG nº 371, do 16.10.2018

6.10 38759 (10/PUP-000196)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Blanco Paradelo, Moisés e seis deputados/as máis

Sobre o balance que fai a Xunta de Galicia das modificacións introducidas na política forestal, en materia de prevención e extinción de incendios forestais, un ano despois da vaga de lumes de outubro de 2017 e tras o remate da Comisión especial de estudo ao respecto

Publicación da iniciativa, BOPG nº 371, do 16.10.2018

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2018
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38623

Data envío: 11/10/2018 14:11:24.979

Data 11/10/2018 14:11

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 26233** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Paula Quinteiro Araújo e don Marcos Cal Ogando, sobre **“os avances producidos para o cumprimento do acordo parlamentario do 23 de novembro de 2016 respecto da interrupción voluntaria do embarazo”**, (publicada no BOPG número 264 do 21 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“En relación coas actuacións levadas a cabo para dar cumprimento aos acordos parlamentarios sinalar que se estableceu como centro de referencia para os IVES de mais de 22 semanas o hospital Álvaro Cunqueiro da EOXI de Vigo; procedeuse á elaboración e difusión dos circuitos asistenciais para mais de 14 semanas de xestación e mantense reunións cos directivos e Xefes de Servizo de cada EOXI para difundir a información relativa aos cambios nos procedementos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/10/2018 14:11:17



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 26265** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns da demora da Consellería de Sanidade na posta en marcha das medidas reflectidas no acordo parlamentario do 22 de abril de 2015 para a mellora da atención sanitaria á doenza da endometriose, as actuacións levadas a cabo e as previstas ao respecto”**, (publicada no BOPG número 264 do 21 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Sanidade ten postas en marcha as medidas definidas na proposición non de lei aprobada por unanimidade pola Comisión 5ª de Sanidade, Política Social e Emprego, na sesión celebrada o 22 de abril de 2015.

Na Consellería de Sanidade e no Servizo Galego de Saúde vense traballando para acadar unha atención integral de calidade á saúde das mulleres, seguindo as liñas definidas na Estratexia SERGAS. Isto inclúe as actuacións que permitan dar resposta aos distintos aspectos que precisa a atención integral ás mulleres con sospeita/diagnóstico de endometriose.

En todos os servizos de xinecoloxía de cada EOXI, existe unha consulta específica ou integrada con outras enfermidades xinecolóxicas, que permite garantir unha atención de boa calidade ás mulleres con sospeita/diagnóstico de endometriose, adaptada á demanda existente.

En cada unha delas establécese un circuío asistencial, no que se inclúe a derivación a outras unidades como son cirurxía ou esterilidade.

Consideramos que a atención que se está a prestar na actualidade é asumible cos recursos dispoñibles, tendo en conta que esta patoloxía afecta a arredor do 10% das mulleres en idade fértil e destas só o 25 % terán un grao IV.

Tendo en conta que os hospitais de segundo e terceiro nivel da rede pública do Servizo Galego de Saúde están capacitados para o tratamento multidisciplinar de casos complexos, non se considera imprescindible a necesidade de crear as unidades multidisciplinares de momento.

Dende a Subdirección Xeral de Atención ao Cidadán e Calidade, a través da Escola Galega de Saúde para Cidadáns, no ano 2016, organizáronse dúas actividades formativas en estreita relación con esta patoloxía, dirixidas a pacientes e cidadanía en xeral: Curso titulado 'A endometriose' e o Curso titulado 'Muller e saúde'.

A Subdirección Xeral de Atención ao Cidadán e Calidade púxose a disposición da Asociación querENDO en canto á difusión de calquera iniciativa de formación e información para a cidadanía sobre esta realidade, en concreto propúxose a posibilidade de realizar un Foro "O experto responde" sobre este tema.

A 'Guía de atención a las mujeres con endometriosis en el Sistema Nacional de Salud (SNS)' está a disposición de todas/os cidadáns/cidadás na web da Escola Galega de Saúde para Cidadáns.

A través do portal É Saúde da Consellería de Sanidade , tamén se pode atopar esta guía, así coma no espazo Cidadanía da páxina do Servizo Galego de Saúde.

Na reunión del Consello Reitor do Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago (IDIS) do 20 de maio de 2016, tratouse a necesidade de promover a investigación sobre a endometriose. Recollido textualmente na acta de dita reunión: baixo o punto 'Fomento da Investigación sobre endometriose'".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/10/2018 14:11:06



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 26013** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a posible existencia de saturación do Servizo de Oftalmoloxía das áreas sanitarias de Pontevedra e do Salnés, a consecuencia da acumulación de doentes con cataratas, as medidas propostas pola Xerencia do Complexo Hospitalario de Pontevedra para mellorar a xestión e organización das consultas e as previsións ao respecto”**, (publicada no BOPG número 268 do 28 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Cando o novo equipo directivo da EOXI Pontevedra-Salnés tomou posesión do seu cargo hai 11 meses detectou cuestións de funcionamento que debían resolverse, tales como a demora importante na consulta de cataratas, á que os pacientes accedían despois de ser atendidos por un oftalmólogo nunha primeira consulta xeral, e un importante incremento de inclusións en lista de espera cirúrxica para intervención de cataratas, co conseguinte incremento na demora desta cirurxía.

A solución presentada polo xefe de servizo de Oftalmoloxía contemplaba exclusivamente á vía de programar actividade extraordinaria cirúrxica de xeito estable para o servizo. En ningún momento formulaba melloras na xestión e na organización de consultas para dar resposta na xornada de mañá tal e como se lle propuxo desde a dirección, que se complementarían cun plan especial de xornada extraordinaria durante un período limitado.

Desde a Xerencia púxose en marcha a adhesión do servizo de Oftalmoloxía ao protocolo de inclusión en lista de espera cirúrxica para cataratas, consensuado polos diferentes xefes de servizo de oftalmoloxía do Sergas e aprobado pola Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria.

Unha vez que se fixo efectiva a xubilación do xefe de servizo de Oftalmoloxía procedeuse a publicación do anuncio do 21 de marzo de 2018, da Xerencia de Xestión Integrada de Pontevedra e o Salnés, de convocatoria pública para a provisión dun posto de xefatura do Servizo de Oftalmoloxía (DOG do 16 de abril de 2018).”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/10/2018 12:41:04



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 26401** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e de dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“o procedemento de convocatoria e a posterior resolución para a provisión do posto de director/directora xerente da empresa pública Galaria”**, (publicada no BOPG número 268 do 28 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 5ª do 17.01.2018- ao darlle resposta á pregunta 21721 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/10/2018 9:10:52



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38621
Data envío: 11/10/2018 14:10:58.510

Data 11/10/2018 14:10

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 26419** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego referidas ao prazo de construción, orzamento, prestacións e servizos do novo centro de saúde de Poio, o mantemento dos consultorios periféricos de Raxó e Combarro e a adopción de medidas para rematar coas listas de espera nese concello”**, (publicada no BOPG número 268 do 28 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Desde a Consellería de Sanidade foi remitido ao Concello de Poio o anteproxecto para a Ampliación do Centro de Saúde de Anafáns co obxecto de que emita o correspondente informe urbanístico”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

página 1 de 1



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/10/2018 14:10:55



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 26515** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona María de la Concepción Burgo López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o número doentes de infarto que recibiron un tratamento de hemodinámica no Hospital Universitario Lucus Augusti de Lugo nos anos 2014, 2015, 2016, 2017 e no mes de xaneiro de 2018, así como o número dos que foron trasladados desde ese hospital ou desde calquera outro dos servizos sanitarios da provincia de Lugo ao Hospital Universitario da Coruña nese período”**, (publicada no BOPG número 268 do 28 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O número de pacientes con diagnóstico de síndrome coronaria aguda con elevación do segmento ST (SCACEST) que recibiron tratamento de angioplastia primaria na sala de hemodinámica do Hospital Universitario Lucus Augusti de Lugo é o que se indica a continuación:

	HULA
2015	19
2016	29
2017	25
TOTAL	69

CVE-PREPAR: f118ec67-8d45-3232-fbf7-fb484f7178a0

Regaliam empezou a súa actividade o 1 de xuño de 2015, polo tanto os datos referidos ao ano 2015 corresponden aos meses de xuño a decembro.

En relación aos datos do 2017, estes corresponden aos meses de xaneiro a setembro que son os que están validados a data de hoxe.

Por outra parte, o número de pacientes que sufriron un infarto na área de Lugo e foron trasladados ao Hospital Universitario da Coruña nos anos 2015, 2016 e 2017 foi o que se indica na seguinte táboa:

	CHUAC
2015	58
2016	79
2017	66
TOTAL	203

Cómpre indicar que ademais de realización da anxioplastia primaria a pacientes con SCACEST, reflectidos na táboa previa, na sala de hemodinámica do Hospital Universitario Lucus Augusti de Lugo réalizanse numeros procedementos terapéuticos distintos como son os de electrofisioloxía, extracción de corpo estrano intravascular, inserción de balón intraaortico de contrapulsación, anxioplastias en arterias periféricas e renais, entre outros.

A decisión da derivación dos pacientes con infarto á sala de hemodinámica e xestionada pola FPUSG-061, que selecciona a ambulancia mais adecuada para realizar o traslado do paciente desde o lugar do infarto á Unidade de Hemodinámica máis próxima. Esta avaliación da dispoñibilidade de ambulancias na contorna, e a análise do tempo de traslado ao Servizo de Hemodiálise máis adecuado é unha función inherente á xestión

realizada polo 061. Non existe unha norma fixa neste sentido, unha vez que o recurso máis adecuado é consecuencia dunha análise profunda de cada situación.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/10/2018 12:40:56



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 26593** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o prazo previsto polo Goberno galego para resolver as carencias que presenta a atención pediátrica que se está a prestar no concello de Ordes”**, (publicada no BOPG número 268 do 28 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O servizo de atención primaria de Ordes (que comprende os concellos de Trazo, Tordoia, Frades, Ordes e Mesía), conta con 3 pediatras a tempo completo en quenda de mañá, todas elas titulares, e se nos referimos unicamente ao centro de saúde de Ordes hai 2 pediatras a tempo completo. Tendo en conta a análise das cargas asistenciais e os recen nados, estimamos que ten unha adecuada dotación de pediatras que garanten a atención sanitaria da poboación infantil.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/10/2018 12:40:49



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: 26681 formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e de dona Noela Blanco Rodríguez, sobre “os datos referidos á derivación de doentes do Sistema sanitario público de Galicia a centros concertados para unha intervención cirúrxica nos anos 2016 e 2017”, (publicada no BOPG número 335 do 11 de xullo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Durante o ano 2017 foron derivados desde o Servizo Galego de Saúde a centro concertado, para unha intervención cirúrxica, 24.898 pacientes o que supón o 12,1% da actividade cirúrxica desenvolvida no SERGAS.

Durante o ano 2016 foron derivados desde o Servizo Galego de Saúde a centros concertados, para unha intervención cirúrxica, 25.042 pacientes o que supón o 12,2% da actividade cirúrxica desenvolvida no SERGAS.

No 2016 o custo foi de 41.236.697,59 M€ e no ano 2017 foi de 35.123.205 M€

O custo medio das intervencións cirúrxicas realizadas en centros concertados foi de:

ANO 2016	ANO 2017
1.308,26 €	1.502,68 €

O custo máximo pagado por unha intervención cirúrxicas ascendeu no ano 2016 e no 2017 á 17.000 €.

O número de casos derivados a centros concertados en Galicia foi o seguinte:

DERIVACIÓN CIRÚRXICA A CENTRO CONCERTADO ANO 2016	
CENTRO CONCERTADO	PACIENTES
SAN RAFAEL	2.509
MODELO	1.299
QUIRÓN	3.136
HX JUAN CARDONA	3.396
POLICLÍNICO ROSALEDA	1.809
LA ESPERANZA	2.041
NS OLLOS GRANDES	1.545
POLUSA	1.568
C. MED. DO CARMEN, S.A.	2.099
COSAGA	1.951
H. MIGUEL DOMINGUEZ	2.314
C. MED. GALEGO, S.A. (CLINICA FATIMA)	1.375
TOTAL	25.042

**DERIVACIÓN CIRÚRXICA A CENTRO CONCERTADO
ANO 2017**

CENTRO CONCERTADO	PACIENTES
SAN RAFAEL	2.792
MODELO	1.543
QUIRÓN	2.513
HX JUAN CARDONA	3.591
POLICLÍNICO ROSALEDA	1.650
LA ESPERANZA	2.081
NS OLLOS GRANDES	1.569
POLUSA	1.697
C. MED. DO CARMEN, S.A.	2.017
COSAGA	1.817
H. MIGUEL DOMINGUEZ	2.400
C. MED. GALEGO, S.A. (CLINICA FATIMA)	1.228
TOTAL	24.898

O centro concertado que recibiu o caso máis custoso foi o Instituto Médico Quirúxico San Rafael.

A resposta á pregunta 7 recóllese nas seguintes táboas:

DERIVACIÓN CIRÚRXICA A CONCERTADO ANO 2017																											
GNA	EOXI A CORUÑA			EOXI FERROL		EOXI SANTIAGO			EOXI LUGO CERVO MONFORTE						EOXI OURENSE VERIN E BARCO		EOXI DE PONTEVERA SALNES		EOXI DE VIGO								
	C.H. UNIVERSITARIO A CORUÑA			C.H. UNIVERSITARIO DE FERROL		C.H. UNIVERSITARIO DE SANTIAGO			C. H. UNIVERSITARIO DE LUGO			H. DA COSTA			H. COMARCAL DE MONFORTE		C.H. DE OURENSE		C.H. DE PONTEVEDRA		C.H. UNIVERSITARIO DE VIGO						
	SAN RAFAEL	MODELO	QUIRÓN	HX JUAN CARDONA	SAN RAFAEL	POLICLÍNICO ROSALEDA	LA ESPERANZA	LA ESPERANZA	NS OLLOS GRANDES	QUIRÓN (St. Teresa)	SAN RAFAEL	POLUSA	NS OLLOS GRANDES	QUIRÓN (St. Teresa)	SAN RAFAEL	POLUSA	NS OLLOS GRANDES	POLUSA	C. MED. DO CARMEN, S.A.	COSAGA	H. MIGUEL DOMINGUEZ	H. MIGUEL DOMINGUEZ	C. MED. GALEGO, S.A. (CLÍNICA FATIMA)	H. MIGUEL DOMINGUEZ	COSAGA	SAN RAFAEL	
ANIXIOLOXIA E CIRURXIA VASCULAR	273	109	324			375	164		60			74								14			65	83			
CIRURXIA MÁXILO FACIAL																				851	457						
CIRURXIA PEDIATRICA							91																1				
CIRURXIA PLASTICA E REPARADORA																							19	28			
CIRURXIA XERAL E DIXESTIVA	535	434	440	1.685		521	208		227			164				1			353	201	215	23	223	397			
DERMATOLOXIA	1	2	2																								
NEUROCIRURXIA											8													42			
OFTALMOLOXIA	983	513	1.163	693			857	9	772			605						3									
OTORRINOLARINGOLOXIA	47		1	36																				11	13	21	189
TRAUMATOLOXIA	545	455	528	934	18	590	550		510		16	408		55		139			813	1.143	476	3	799	759			
UROLOXIA	254	30		243	112	47	158					303									1	96	20				
XINECOLOXIA						117	44																				58
	2.638	1.543	2.458	3.591	130	1.650	2.072	9	1.569	0	24	1.554	0	55	0	143	0	0	2.017	1.817	885	59	1.226	1.456	0	0	

DERIVACIÓN CIRÚRXICA A CONCERTADO ANO 2016																											
2016	EOXI A CORUÑA			EOXI FERROL		EOXI SANTIAGO			EOXI LUGO CERVO MONFORTE						EOXI OURENSE VERIN E BARCO		EOXI DE PONTEVERA SALNES		EOXI DE VIGO								
	C.H. UNIVERSITARIO A CORUÑA			C.H. UNIVERSITARIO DE FERROL		C.H. UNIVERSITARIO DE SANTIAGO			C. H. UNIVERSITARIO DE LUGO			H. DA COSTA			H. COMARCAL DE MONFORTE		C.H. DE OURENSE		C.H. DE PONTEVEDRA		C.H. UNIVERSITARIO DE VIGO						
GNA	SAN RAFAEL	MODELO	QUIRÓN	HX JUAN CARDONA	SAN RAFAEL	POLICLÍNICO ROSALEDA	LA ESPERANZA	LA ESPERANZA	NS OLLOS GRANDES	QUIRÓN (St. Teresa)	SAN RAFAEL	POLUSA	NS OLLOS GRANDES	QUIRÓN (St. Teresa)	SAN RAFAEL	POLUSA	NS OLLOS GRANDES	POLUSA	C. MED. DO CARMEN, S.A.	COSAGA	H. MIGUEL DOMINGUEZ	H. MIGUEL DOMINGUEZ	C. MED. GALEGO, S.A. (CLÍNICA FATIMA)	H. MIGUEL DOMINGUEZ	COSAGA	SAN RAFAEL	
ANIXIOLOXIA E CIRURXIA VASCULAR	270		322			386	170		135			114									21	74	74	77			
CIRURXIA MÁXILO FACIAL																				1.004	516						
CIRURXIA PEDIATRICA							83																14				
CIRURXIA PLASTICA E REPARADORA																							58	15			
CIRURXIA XERAL E DIXESTIVA	630	412	360	1.469		517	173		260			66							273	273	170		138	364			
DERMATOLOXIA	3	2	1																								
NEUROCIRURXIA																								29			
OFTALMOLOXIA	866	517	1.805	937			869		706			631	2			1	4				1						
OTORRINOLARINGOLOXIA				14						13												7	2	232	120		
TRAUMATOLOXIA	394	368	544	940		781	597		416	56	9	361	22	35		106		1	822	1.140	463		708	809			
UROLOXIA	312			36		31	127				25	288										187	10	2	16		
XINECOLOXIA						94	22																	120			
	2.475	1.299	3.032	3.396	0	1.809	2.041		1.517	69	34	1.460	24	35	0	107			2.099	1.951	901	12	1.375	1.401	0	0	

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
 (ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/10/2018 14:10:48



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 27077** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a sentenza xudicial referida á adxudicación no ano 2012 da Xefatura de Psiquiatría do Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra”**, (publicada no BOPG número 272 do 7 de marzo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Remitímonos á resposta facilitada pola Directora de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde sobre a sentenza xudicial pola que se anula o concurso para a provisión do posto de xefe do servizo de psiquiatría do Complexo Hospitalario de Pontevedra, na Comisión 5ª do 16 de febreiro de 2017.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/10/2018 12:40:41



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 27083** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión da Xunta de Galicia referida á necesidade de poñer en marcha unha estratexia galega de atención ás persoas con dano cerebral adquirido, así como de crear un censo delas para dimensionar de xeito axeitado os recursos necesarios e as súas intencións en relación coa implantación da categoría diagnóstica “Dano cerebral adquirido” e a garantía da atención en tempo e forma para evitar as secuelas derivadas das demoras na rehabilitación”**, (publicada no BOPG número 272 do 7 de marzo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Servizo Galego de Saúde, por medio dos servizos de Rehabilitación e Fisioterapia das distintas áreas sanitarias, establece os protocolos necesarios para a atención ás persoas con dano cerebral adquirido. Nos últimos anos desenvolveuse a actual rede de atención ao dano cerebral e outras patoloxías neurolóxicas asociadas, como por exemplo a creación en agosto do ano 2016 da unidade de neurorrehabilitación do Hospital Álvaro Cunqueiro, onde se atenden ás persoas que sofren un proceso traumático. Dentro desta mellora da atención, desde maio de 2017, elaborouse o concerto asinado entre a Consellería de Sanidade e o Hospital Quirón-Miguel Domínguez de Pontevedra para a atención ás persoas con estados vexetativos persistentes ou de mínima conciencia provocados por un dano cerebral adquirido e que precisen dunha intensificación dos coidados de rehabilitación e fisioterapia. O obxectivo é o de mellorar a funcionalidade e diminuír as secuelas provocadas polo DCA.

O Servizo Galego de Saúde continuará traballando na mellora da atención aos pacientes con dano cerebral adquirido”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/10/2018 12:40:18



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38650
Data envío: 11/10/2018 14:16:44.735

Data 11/10/2018 14:16

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 27157** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“as medidas previstas pola Xunta de Galicia en relación coas denuncias referidas á derivación dende o Complexo Hospitalario de Pontevedra a clínicas privadas de o peracións de varices”**, (publicada no BOPG número 272 do 7 de marzo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“No momento en que un profesional do Sergas na atención do paciente indica a necesidade dunha intervención cirúrxica cumprimenta unha folia de inclusión en lista de espera que se rexistra na lista de espera oficial do centro do Sergas que ten asignada a asistencia dese paciente.

Existen tres formas básicas de prestar o servizo a estes pacientes en lista de espera para intervención cirúrxica:

- a) intervención en xornada ordinaria no centro do Sergas
- b) intervención en xornada extraordinaria no centro do Sergas
- c) intervención en centro concertado

A decisión de qué vía se utiliza para cada intervención corresponde sempre aos responsables tanto asistenciais, como de admisión e de dirección dos centros do Servizo Galego de Saúde

Polo tanto desde o Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra non se derivan pacientes á centros concertados sin que estean previamente na lista de espera cirúrxica.

páxina 1 de 2

CVE-PREPAR: cf1f13a1-65a9-c6e6-16a6-57a590ace039

O Servizo Galego de Saúde aborda con medios propios a inmensa maioría das intervencións cirúrxicas dos pacientes da Comunidade Autónoma. Os datos que corroboran esta afirmación son os recursos que a Xunta de Galicia adica á rede pública do Sergas e os que adica a centros concertados.

Concretamente no ano 2008 a Xunta de Galicia adicaba á sanidade pública 3.532 millóns de euros (un 35,7% dos seus recursos) mentres que neste ano 2018 se adican 3.784 millóns de euros (un 40,7%), cinco puntos máis. Por outra banda a centros privados concertados adicábanse en 2008 uns 216 millóns de euros e neste ano 2018 adícanse 205 millóns.

Cos datos anteriores non se pode soste que non se dota de medios á sanidade pública e moito menos que se recorre á privada de xeito estrutural. Os centros concertados desenvolven unha actividade complementaria a actividade do sistema público de saúde.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/10/2018 14:16:38



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 27373** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para corrixir as deficiencias detectadas na atención que se está a prestar en materia de cirurxía pediátrica en Ourense”**, (publicada no BOPG número 277 do 15 de marzo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A área de servizo compartido ven funcionando correctamente. No CHUO intervíronse no ano 2017 un total de 170 pacientes e realizáronse 1.129 consultas externas. Nos dous primeiros meses do ano 2018, a actividade cirúrxica incrementouse nun 27% (51 intervencións) e as consultas externas nun 16% (218 consultas) sobre o mesmo período do ano 2017 e as listas de espera cirúrxica e de consultas veñen con descensos continuos en número de pacientes e en esperas medias, ata o punto que neste momento a consulta externa de primeiras consultas xa non ten demora.

A decisión da creación da Área de servizo compartida obedece a causas de tipo asistencial e técnico e teñen o seu refrendo e soporte legal na Lei 8//2008, de Saúde de Galicia (artigos 32 e 97) e do decreto 37/2001, de 1 de febreiro, de áreas de servizo compartido en estruturas hospitalarias do Servizo Galego de Saúde.

Os criterios de carteira de servizos na cirurxía pediátrica na Área de servizo compartido se teñen fixado atendendo a motivos asistenciais e profesionais. Neles están representados os servizos de cirurxía pediátrica, pediatría, cirurxía xeral, anestesia e reanimación, calidade, admisión de pacientes e uroloxía. Polo tanto, se procura a mellor atención posible tendo en conta a casuística, a experiencia clínica e a dotación necesaria para afrontala.

Os custos de desprazamento son os normais nestes casos e non se diferencian dos resultantes dos desprazamentos ordinarios de pacientes adultos entre hospitais de Galicia e incluso de fóra da Comunidade Autónoma, tanto para consulta como para exploracións, tratamentos ou seguimentos de patoloxías.

No caso de cirurxía pediátrica en Ourense, as demoras medias para consultas externas están dentro das ratios do SERGAS para esta especialidade. En Ourense, a 30 de xuño de 2018, a espera media de cirurxía é de 32,1 días e a espera media de consultas externas é de 18 días.

A prestación da cirurxía pediátrica en Ourense está garantida e as ratios son as adecuadas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/10/2018 12:44:21



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 27555** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns do Goberno galego para non cubrir a baixa da profesional que atende o servizo de pediatría no Centro de Saúde de Escairón, no concello do Saviñao, e as previsións ao respecto”**, (publicada no BOPG número 277 do 15 de marzo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A situación da cobertura por incapacidade temporal desde o 27 de febreiro de 2018 de Quiroga, O Saviñao, Pobra de Brollón e Bóveda é a tempo completo desde o día 12 de marzo de 2018.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/10/2018 9:10:35



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 38304
Data envío: 08/10/2018 09:10:29.477

Data 08/10/2018 09:10

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 27588** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións levadas a cabo e previstas polo Goberno galego en relación coa situación xerada polo anuncio da suba de prezos que vai levar a cabo a Dirección da Asociación Autismo Ourense a partir do 31 de xullo de 2018, a causa da minoración da contía da subvención recibida da Xunta de Galicia”**, (publicada no BOPG número 277 do 15 de marzo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Esta pregunta foi atendida na resposta á pregunta oral 28436 de igual contido, pola directora xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade na Comisión 5ª celebrada o pasado 18 de abril de 2018.

Pódese acceder a súa intervención no seguinte enlace.

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-5-sanidade-politica-social-emprego-2018-04-18?part=f0a087b6-7c2d-4efc-92b6-7ed0eca7f39e&start=12131>”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

páxina 1 de 1



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/10/2018 9:10:26



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 27619** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as xestións levadas a cabo polo Goberno galego diante do Ministerio do Interior para mellorar as condicións de traballo do persoal que presta servizos nos cárceres radicados na comunidade autónoma, así como para a transferencia á Xunta de Galicia das competencias en materia de asistencia sanitaria á poboación recluída neles”**, (publicada no BOPG número 280 do 21 de marzo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Remitímonos á resposta facilitada pola directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias á pregunta oral número 22258, en Comisión 5ª que tivo lugar o 22 de febreiro de 2018. ”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/10/2018 12:39:41



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 27891** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a situación na que se atopa a redacción do proxecto básico e de execución da ampliación do Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol, así como a data prevista para o inicio da ampliación da zona de urxencias do centro”**, (publicada no BOPG número 280 do 21 de marzo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O 10 de setembro de 2018 publícase no DOG a Resolución do 23 de agosto pola que se da publicidade a unha encomenda de xestión do Servizo Galego de Saúde á Axencia Galega de Infraestruturas para acometer a execución das obras da fase 1 do Complexo Hospitalario de Ferrol.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/10/2018 12:39:06



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 27999** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o estado de cumprimento do acordo parlamentario do 22 de abril de 2015, en relación coa endometriose e as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego ao respecto”**, (publicada no BOPG número 280 do 21 de marzo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Sanidade ten postas en marcha as medidas definidas na proposición non de lei aprobada por unanimidade pola Comisión 5ª de Sanidade, Política Social e Emprego, na sesión celebrada o 22 de abril de 2015. Na Consellería de Sanidade e no Servizo Galego de Saúde vense traballando para acadar unha atención integral de calidade á saúde das mulleres, seguindo as liñas definidas na Estratexia SERGAS. Isto inclúe as actuacións que permitan dar resposta aos distintos aspectos que precisa a atención integral ás mulleres con sospeita/diagnóstico de endometriose.

En todos os servizos de xinecoloxía de cada EOXI, existe unha consulta específica ou integrada con outras enfermidades xinecolóxicas, que permite garantir unha atención de boa calidade ás mulleres con sospeita/diagnóstico de endometriose, adaptada á demanda existente. En cada unha delas establécese un circuito asistencial, no que se inclúe a derivación a outras unidades como son cirurxía ou esterilidade.

Consideramos que a atención que se está a prestar na actualidade é asumible cos recursos dispoñibles, tendo en conta que esta patoloxía afecta a arredor do 10% das mulleres en idade fértil e destas só o 25 % terán un grao IV.

Tendo en conta que os hospitais de segundo e terceiro nivel da rede pública do Servizo Galego de Saúde están capacitados para o tratamento multidisciplinar de casos complexos, non se considera imprescindible a necesidade de crear as unidades multidisciplinares de

momento.

Dende a Subdirección Xeral de Atención ao Cidadán e Calidade, a través da Escola Galega de Saúde para Cidadáns, no ano 2016, organizáronse dúas actividades formativas en estreita relación con esta patoloxía, dirixidas a pacientes e cidadanía en xeral: curso titulado 'A endometriose' e o curso titulado 'Muller e saúde'.

A Subdirección Xeral de Atención ao Cidadán e Calidade púxose a disposición da Asociación querENDO en canto á difusión de calquera iniciativa de formación e información para a cidadanía sobre esta realidade, en concreto propúxose a posibilidade de realizar un Foro 'O experto responde' sobre este tema.

A 'Guía de atención a las mujeres con endometriosis en el Sistema Nacional de Salud (SNS)' está a disposición de todas/os cidadáns/cidadás na web da Escola Galega de Saúde para Cidadáns. A través do portal É Saúde da Consellería de Sanidade, tamén se pode atopar esta guía, así coma no espazo Cidadanía da páxina do Servizo Galego de Saúde.

Na reunión del Consello Reitor do Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago (IDIS) do 20 de maio de 2016, tratouse a necesidade de promover a investigación sobre a endometriose. Recollido textualmente na acta de dita reunión: baixo o punto 'Fomento da Investigación sobre endometriose'."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/10/2018 14:19:20



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38649
Data envío: 11/10/2018 14:16:27.172

Data 11/10/2018 14:16

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 28367** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“a xustificación do Goberno galego para non dotar o Sergas dos medios suficientes para a prestación da asistencia sanitaria e recorrer de xeito estrutural á prestación de servizos nel por medio de concertos coa sanidade privada”**, (publicada no BOPG número 285 do 28 de marzo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión plenaria do 10.04.2018- polo conselleiro de Sanidade ao darlle resposta á interpelación 28365 sobre similar tema e formulada pola mesma deputada.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

páxina 1 de 1



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/10/2018 14:16:20



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 28376** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da dotación dos recursos humanos e materiais necesarios ao Servizo de Urgencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela”**, (publicada no BOPG número 285 do 28 de marzo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Remitímonos á resposta facilitada polo conselleiro de Sanidade á interpelación número 28372, formulada polo mesmo grupo parlamentario, e que foi substanciada na sesión plenaria do 10.04.2018.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/10/2018 9:10:02



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38619
Data envío: 11/10/2018 14:10:12.587

Data 11/10/2018 14:10

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 28564** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“a denuncia da Fiscalía referida ao falecemento dunha muller no corredor de Urxencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela”**, (publicada no BOPG número 287 do 4 de abril de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Sanidade non pode pronunciarse sobre un tema xudicializado e só dicir que prestará toda a colaboración que se considere necesaria.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

páxina 1 de 1

CVE-PREPAR: 1c977f90-aa60-3b33-e495-2d8e2357c135



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/10/2018 14:10:08



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38618
Data envío: 11/10/2018 14:09:58.571

Data 11/10/2018 14:09

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 28567** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre “**o posible nomeamento como alto cargo do Ministerio de Sanidade á actual subdirectora xeral de Farmacia**”, (publicada no BOPG número 287 do 4 de abril de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión plenaria do 24.04.2018- polo conselleiro de Sanidade ao darlle resposta á pregunta 29466 sobre o mesmo tema e formulada pola mesma deputada.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

páxina 1 de 1



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/10/2018 14:09:54



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 28711** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da calidade asistencial ofrecida no Hospital de Verín, o coñecemento dos déficits de servizos que se veñen apuntando polos colectivos de pacientes, profesionais e diversas organizacións, así como o traslado á Consellería de Sanidade pola Dirección do centro dalgunha necesidade en materia de medios humanos e materiais”**, (publicada no BOPG número 289 do 11 de abril de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A calidade asistencial ofrecida no Hospital de Verín é equiparable á de calquera dos demais hospitais comarcais de Galicia. Trátase dunha actividade asistencial de calidade, integrada, tanto coa atención primaria como cos recursos de atención hospitalaria da area de Xestión Integrada, e que segue mellorando en resultados asistenciais e en desprazamentos evitados.

A actividade do Hospital de Verín durante o ano 2017 permitiu a realización de 2.542 intervencións cirúrxicas, 2.849 ingresos, 69.227 consultas e 13.372 urxencias, ademais dunha óptima xestión dos tempos para acceder a consultas e intervencións.

No Hospital de Verín mantéñense todas as especialidades desde súa apertura en 1994 ademais da realización de novas consultas e probas de Dixestivo, Endocrinoloxía, Neuroloxía, Oncoloxía Médica, Reumatoloxía e Cardioloxía que se fan directamente en Verín sen ter que viaxar ao Complexo Hospitalario Universitario de Ourense.

O Servizo de HADO está en marcha no Hospital de Verín desde o día 1 de marzo de 2018 e está dotado cun facultativo especialista en medicina interna, un enfermeiro e un auxiliar administrativo.

Os cuidados paliativos neste Hospital dependen de medicina interna e de HADO.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/10/2018 9:05:54



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 28716** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da atención sanitaria da comarca do Condado-Paradanta, o coñecemento das melloras necesarias nos seus centros de saúde, sinaladamente, en materia de adecuación dos espazos e de accesibilidade, así como as súas razóns para desbotar a contratación dun técnico especialista en radioloxía para as tardes no Centro de Saúde de Pontearreas e as previsións ao respecto”**, (publicada no BOPG número 289 do 11 de abril de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A atención á poboación da comarca do Condado-Paradanta ten experimentado unha grande mellora no que á atención hospitalaria respecta desde a reordenación integral da atención hospitalaria na área sanitaria de Vigo con motivo da apertura do Hospital Álvaro Cunqueiro.

Os centros de saúde de Salvaterra, As Neves e Mondariz Balneario (Condado), e os de Covelo, Crecente e Arbo son todos de dependencia patrimonial municipal.

Os datos de actividade polo momento non xustifican a presenza dun técnico de radioloxía en quenda de tarde. Na actualidade ningún dos centros de saúde da área, nin siquiera outros de maior demanda e volume de usuarios, dispoñen de radioloxía de tarde, coa única excepción do Centro Integral de Saúde ‘Taboada Leal’, onde se incorporou tras a súa apertura en 2016.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/10/2018 9:05:46



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 28772** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“os datos referidos aos principios activos mais receiptados no Sistema sanitario de Galicia e o gasto farmacéutico do Goberno galego dende o ano 2010 ao ano 2017, a súa valoración e as medidas previstas ao respecto”**, (publicada no BOPG número 289 do 11 de abril de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Os principios activos máis receiptados no sistema sanitario de Galicia no ano 2017 foron: omeoprazol, atorvastina, ácido acetilsalicílico (antiagregante), paracetamol e simvastina.

Os máis receiptados durante os anos 2010 a 2016 foron os mesmos engadindo o alprazolam.

O gasto farmacéutico a través de receita médica durante os anos 2010 a 2016 foi o seguinte:

2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016
931,3 M€	829,2 M€	710,4 M€	692,7 M€	681,4 M€	674,4 M€	685,1 M€

A porcentaxe que sobre o gasto farmacéutico total representa o gasto de cada Estrutura de xestión integrada (EOXI), durante o ano 2017, e relacionado co número de usuarios con tarxeta sanitaria Sergas, reflíctese na seguinte táboa:

EOXI	% Gasto total 2017	nº usuarios
A Coruña	18,52%	546.001
Ferrol	7,70%	176.567
Santiago	16,14%	441.860
Lugo	14,68%	316.876
Ourense	13,06%	303.544
Vigo	19,46%	559.968
Pontevedra	10,43%	291.330

As pequenas diferenzas que se observan nos incrementos de gasto entre EOXIs teñen mais que ver coa diferente estrutura poboacional existente entre as distintas áreas e cos cambios que experimentan os distintos tramos de idade en dita estrutura que cos medicamentos facturados.

As medidas implantadas nos últimos anos permitiron reducir a factura farmacéutica sempre nun marco que garanta preservar as prestacións e a calidade na asistencia sanitaria aos nosos usuarios.

Algunhas destas medidas consistiron na ampliación do programa de atención farmacéutica nas residencias sociosanitarias, na continuación do programa de Fomento das boas prácticas de prescrición, centrado entre outras accións, no uso eficiente e responsable dos fármacos, no traballo conxunto da Comisión Autónoma Central de Farmacia e Terapéutica cos nosos profesionais e as sociedades científicas para a xestión eficiente dos nosos recursos farmacoterapéuticos e o aumento da seguridade, calidade e equidade na atención aos nosos usuario, no programa de mellora da calidade na atención aos pacientes crónicos e polimedicados a traves dun programa específico, na Participación no 'Grupo de Coordinación de Posicionamiento Terapéutico' en colaboración coa Agencia Española de Medicamentos y Productos Sanitarios na elaboración dos 'Informes de Posicionamiento Terapéutico', e dicir, traballo coordinado co SNS, nas novas ferramentas de axuda á prescrición en IANUS e no Sistema de Receita Electrónica, no Programa de seguimento da adherencia cos antipsicóticos parenterais de longa duración, na Consulta telefónica e no Programa Conecta 72.

Como xa se comentou, a análise das pequenas diferenzas que se observa nos incrementos de gasto entre EOXIs teñen mais que ver coa diferente estrutura poboacional existente entre as distintas áreas e cos cambios que experimentan os distintos tramos de idade en dita estrutura que cos medicamentos facturados.

En todo caso cada EOXI recibe unha ampla información mensual estruturada e con distinto nivel de desagregación, de seguimento de indicadores de prescrición tanto cuantitativos como cualitativos cos que mellorar de xeito continuado a prescrición.

No ano 2009, Galicia era a segunda comunidade cun maior gasto medio por receita. Nos últimos anos, o Servizo Galego de Saúde conseguiu rectificar esta situación, coa implicación e traballo realizado polos nosos profesionais sanitarios a través dun programa de boas prácticas de prescrición e bo uso dos medicamentos.

Comparados co resto do territorio nacional, Galicia sitúase entre as Comunidades Autónomas que menos incrementan o gasto e o número de receitas facturadas. Así, no ano 2016, Galicia é a Comunidade Autónoma que menos incrementa o seu gasto a través de receita médica, +1,58% fronte o incremento Sistema Nacional de Salud (SNS) +3,96%.

O incremento das receitas facturadas en Galicia nese ano, situouse no +1,55% por debaixo da media SNS (+2,21%) sendo a terceira Comunidade Autónoma que menos incrementa o número de receitas e, en relación ao gasto medio por receita, Galicia volve a situarse como a que menos incrementa este indicador no ano 2016, +0,03% fronte ao 1,71% da media SNS.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/10/2018 9:05:39



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 28820** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as demandas que vai realizar o Sergas ao Concello de Tui en relación coas repercusións que ten na asistencia sanitaria do centro de saúde a instalación de atraccións de feira na explanada contigua ao centro, con motivo das festas patronais”**, (publicada no BOPG número 289 do 11 de abril de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Desde a Xerencia de Xestión Integrada de Vigo foi remitida unha carta ao Alcalde de Tui comunicándolle a preocupación que entraña para os profesionais do Servizo Galego de Saúde, e tamén directamente para os pacientes atendidos no Centro de Saúde de Tui e do PAC, o emprazamento de atraccións con motivo das Festas de San Telmo na explanada contigua ao Centro de Saúde, sen que polo momento se obtivera ningunha resposta.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/10/2018 9:09:51



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 29001** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os datos referidos ás deficiencias notificadas pola Xunta de Galicia á empresa concesionaria das obras de ampliación do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense desde a súa posta en marcha, a cobertura por esta dos danos materiais detectados nos elementos estruturais do centro e as previsións do Goberno galego respecto da realización de traballos de remodelación do antigo edificio do Hospital Santa María Nai, así como o prazo previsto e o orzamento que vai destinar para ese fin”**, (publicada no BOPG número 293 do 18 de abril de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A Subdirección de Investimentos do Sergas realiza o seguemento, execución e control dos programas de investimento do SERGAS en materia de obras e instalacións nos centros asistenciais e administrativos. En calquera obra cando se detectan incidencias estas son subsanadas durante a mesma ou con posterioridade á súa recepción, durante o prazo de garantía. A empresa contratista está a subsanar as incidencias.

En relación á súa cuantificación ou valoración esta só se produciría no caso de que a empresa deixase de asumir as súas obrigas e fora necesario reclamarlas a través dos procedimentos legais previstos no ordenamento xurídico.

A empresa adxudicataria responderá das súas obrigas de acordo coa normativa vixente en contratación do sector público. Os elementos estruturais están expresamente previstos nesa normativa. O contrato foi publicado segundo a normativa de contratos do sector público.

O SERGAS non valora as incidencias que o contratista vai subsanando. A valoración produciríase no caso de que a empresa se negase a subsanalas e fóra preciso reclamarllas segundo a normativa de contratación pública.

Estase estudando a posibilidade de realizar traballos de remodelación do antigo edificio de Santa María Nai e mentras non se concreten as actuacións a realizar non se pode ofrecer unha valoración.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/10/2018 9:05:18



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38651
Data envío: 11/10/2018 14:19:16.472

Data 11/10/2018 14:19

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 29208** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“a valoración e as medidas previstas polo Goberno galego en relación coa aparición dunha nova bolsa de lindano no Porriño durante a execución da obras de saneamento, así como cos datos reflectidos no informe da Consellería de Sanidade referido á súa situación en Galicia e os protocolos para o tratamento e prevención da saúde establecidos ao respecto”**, (publicada no BOPG número 293 do 18 de abril de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Na elaboración do informe se tiveron en conta os criterios e recomendacións das principais organizacións de carácter internacional sobre este tema, nomeadamente a ATSDR (Axencia para Sustancias Tóxicas e o Rexistro de Enfermidades) do CDC (Centro para o Control e prevención das Enfermidades) e a International Agency for Research on Cancer (IARC), que é a axencia especializada sobre cancro da OMS.

A contaminación dos solos por lindano no Concello do Porriño é un problema que se arrastra desde hai varias décadas. Tras as analíticas de augas realizadas pola Confederación Hidrográfica Miño Sil, os informes refiren resultados desfavorables das análises realizadas en distintos puntos de control, polo que, ademais da zona historicamente afectada, hai que incluír esta nova zona investigada.

En outubro de 2017 iniciouse un estudo desta nova zona investigada nos lugares de Contrasto e A Pereira que están incluídas dentro da parroquia de Torneiros. Estes lugares

páxina 1 de 4

CVE-PREPAR: 82739764-22f1-e3a1-27a7-54a79ed3b490

abastécense de pozos particulares ou traídas de veciñanza. O estudo realízase en 60 vivendas. Compróbase que destas, 28 teñen como único modo de abastecemento un pozo particular.

Levase a cabo un traballo de campo por parte das Consellerías de Sanidade e Medio Ambiente, no que se procede a realizar a mostraxe e análise das augas de consumo dispoñibles nas vivendas dos lugares de 'Contrasto' e 'A Pereira', que están incluídas dentro da parroquia de Torneiros. Analízase auga de diferentes naturezas: pozos, traídas de veciñanza e fontes. Conclúese que non existe garantía sanitaria no caso de utilizar como abastecemento de auga de consumo humano calquera dos pozos, fontes e tamén no caso da auga que están a consumir os 120 usuarios da traída da Pereira. A este respecto, é imprescindible que o Concello do Porriño habilite unha solución definitiva, para o que está a traballar en estender o abastecemento do Consorcio do Rubio a devandita zona.

Neste caso concreto, comprobouse que moitos dos pozos presentan contaminación por lindano, existindo na zona delimitada pola CHMS contaminación de chans e das augas superficiais e subterráneas. Por isto, a Consellería de Sanidade, co fin de evitar a exposición das persoas, emitiu unha serie de recomendacións a través do Concello do Porriño.

Pola súa banda o organismo de conca competente no ámbito territorial do concello do Porriño é a Confederación Hidrográfica Miño-Sil (CHMS) revisará as concesións existentes e levará a cabo as actuacións que estime pertinentes no ámbito das súas competencias como organismo de conca.

Ademais da zona do polígono de Torneiros e dos lugares de Contrasto e A Pereira, poden existir máis zonas contaminadas, xa que estes residuos, dadas as súas adecuadas características mecánicas, puideron utilizarse durante anos como firme e recheo en toda esa zona, sen que por aquel entón a poboación fose consciente do seu perigo. Estas zonas están sen estudar a día de hoxe, polo que se previron as seguintes actuacións:

Solicitar información que poida servir para decidir se resulta oportuno ampliar estudos a outras zonas dos concellos de Porriño e Mos.



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38651
Data envío: 11/10/2018 14:19:16.472

galiCia

Tendo en conta que a Lei Reguladora das Bases de Réxime Local establece que os concellos deben prestar o servizo de abastecemento domiciliario de auga potable e a lexislación sanitaria sitúa a estes como a administración responsable de que a auga fornecida no seu ámbito territorial sexa 'apta para o consumo', comprobado que no lugar de Contrasto e A Pereira non existe abastecemento domiciliario de auga potable e que non existe constancia que noutras parroquias ou lugares exista unha situación similar, é necesario que os concellos de Porriño e Mos realicen unha avaliación exhaustiva dos sistemas de abastecemento que posúen todos os núcleos de poboación dos seus concellos.

Como actuación prioritaria, dada a problemática existente nesta zona, é necesario que o concello do Porriño acometa obras urxentes para abastecer de auga de consumo apta, na zona de estudo (Contrasto e Pereira), cumprindo cos requisitos estipulados no artigo 13 do RD 140/2003.

Así mesmo, é necesario que ambos concellos realicen unha planificación adecuada e integral do sistema de abastecemento dentro do seu ámbito territorial, polo que deberán programar actuacións a curto prazo para garantir que toda a poboación dispoña dun sistema de abastecemento adecuado, con garantía sanitaria e libre de contaminación de lindano.

O potencial risco de que exista contaminación por lindano noutras zonas de ambos concellos, debe ser tido en conta polos mesmos no marco de todas as autorizacións de obras e servizos existentes no seu ámbito territorial.

Non existen protocolos internacionais específicos para a avaliación epidemiolóxica dunha exposición ao lindano. As persoas poden expoñerse ao lindano ao inxerir alimentos que poidan estar contaminados, ao inxerir auga contaminado, respirar aire contaminado ou a través do contacto da pel con terra ou auga en lugares onde poida haber presenza de residuos de lindano.

Unha exposición deste tipo podería ocorrer á beira co camiño da zona afectada, no que se realizou a obra de acometida do saneamento que, entre agosto e outubro de 2017, deixou ao descuberto depósitos de lindano.

CVE-PREPAR: 82739764-22f1-e3a1-27a7-54a79ed3b490

Confírmase a exposición a lindano dunha parte das persoas incluídas no estudo epidemiolóxico, a través da auga dos pozos que estaban a utilizar para consumo, cociña ou hixiene persoal. En relación á caracterización destas exposicións crónicas establecéronse uns niveis orientativos en base á información dispoñible ata o momento e ao que se coñece das posibles vías de exposición a lindano.

Agora ben, este estudo só permite verificar que houbo exposición a lindano, pero non permite cuantificar a intensidade desa exposición. Para aproximala, a Consellería de Sanidade propuxo a todos os residentes da zona afectada realizar unha analítica de sangue na que se determinará a presenza do lindano e dos outros isómeros do HCH.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/10/2018 14:19:13



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 29529** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o modelo de xestión e o cronograma de construción previstos polo Goberno galego para o proxecto do novo aparcadoiro para o novo Hospital de Montecelo en Pontevedra, as súas intencións en relación coa externalización dalgún dos servizos de atención sanitaria e a situación dalgún servizo de carácter sociosanitario na ampliación dese hospital, así como a garantía do carácter e titularidade pública dos seus servizos sanitarios e a súa atención só por persoal funcionario público”**, (publicada no BOPG número 297 do 26 de abril de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O plan funcional para o Hospital Gran Montecelo foi presentado o 18 de xullo do 2017.

O proceso irase desenvolvendo segundo vaia avanzando a tramitación necesaria. Estamos na fase de elaboración, tramitación e aprobación do proxecto sectorial de incidencia municipal.

A continuación licitarase a redacción do proxecto de execución, e levarase a cabo a xestión da expropiación dos terreos.

Co proxecto de execución aprobado e conseguidos os terreos poderemos licitar a obra.

O Complexo Hospitalario Gran Montecelo será un hospital público, de titularidade pública e con persoal do Servizo Galego de Saúde.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/10/2018 9:05:09



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 29740** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a planificación do Goberno galego para solucionar o déficit de profesionais existente no Sergas, as súas previsións respecto da demanda ao Goberno central do aumento do número de prazas para adaptar as de formación polo sistema de residencia MIR e EIR que se ofertan en Galicia ás necesidades reais do Sergas, así como a presentación dun plan de estabilidade no emprego para a súa negociación na Mesa sectorial”**, (publicada no BOPG número 297 do 26 de abril de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“No Plan de Estabilidade do Emprego e Provisión do Persoal Estatutario do Sergas 2017-2018, quedou recollido o compromiso de reducir a temporalidade no Servizo Galego de Saúde, que permitirá reducir ata o 5% a porcentaxe que representa o persoal eventual.

Obxectivo que se sitúa ata tres puntos por debaixo do asumido a nivel nacional polo Ministerio de Hacienda, do 8%.

Galicia foi das primeiras comunidades en impulsar un Plan de Estabilidade para asentar as plantillas e mellorar así a calidade asistencial.

Coa creación de 365 novas prazas no Sergas nos achegaremos a este obxectivo de reducir a interinidade ata o 5% e impulsar a estabilidade laboral.

No Decreto de convocatoria da OPE 2017 ofertáronse un total de 1.616 prazas. Así mesmo, no horizonte 2017-2020, a través de novas ofertas, arredor de 5.000 persoas poderán acceder a unha praza estable.

A oferta docente prepárase con arreglo a Informes de planificación de prazas nas que se estiman as necesidades a medio prazo de profesionais en base a xubilacións, defuncións, ausencias por incapacidade temporal, contratacións. Dita información permite valorar que especialidades son excedentarias ou deficitarias no seu caso.

De cara a oferta do 2018 a Consellería de Sanidade solicitou ao Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad a autorización para convocar 394 prazas de formación de residentes, son 17 máis que no 2017.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/10/2018 9:09:44



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38648
Data envío: 11/10/2018 14:16:09.281

Data 11/10/2018 14:15

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 29838** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión e as actuacións que vai levar a cabo o Sergas en relación co folleto do ano 2010 titulado “O método anticonceptivo” que está a difundir na súa páxina web, así como as medidas que vai pór en marcha a Xunta de Galicia para facilitar o acceso da poboación aos métodos contraceptivos fiables”**, (publicada no BOPG número 300 do 4 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O folleto ‘O método conceptivo’ foi retirado da web do Sergas e está en fase de actualización.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

páxina 1 de 1



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/10/2018 14:15:56



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 29889** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión da Xunta de Galicia respecto da súa planificación en materia de atención ás persoas con infarto agudo de miocardio, as súas previsións referidas á súa modificación na extinta área sanitaria do Salnés e as súas razóns para non derivar os pacientes con infarto desa área a Santiago de Compostela e vez de a Vigo, así como as súas intencións respecto da implantación do Servizo de Hemodinámica durante as 24 horas do día nos centros hospitalarios de Lugo e Ourense”**, (publicada no BOPG número 300 do 4 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento – na sesión plenaria do 19.06.2018- polo conselleiro de Sanidade ao darlle resposta á interpelación 29887 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/10/2018 9:05:00



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 29911** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“a opinión da Xunta de Galicia respecto da súa planificación en materia de atención ás persoas con infarto agudo de miocardio na extinta área sanitaria do Salnés, as súas previsións referidas á súa modificación e as súas razóns para derivar os pacientes con infarto desa zona a Vigo en vez de a Santiago de Compostela”**, (publicada no BOPG número 300 do 4 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento – na sesión plenaria do 19.06.2018- polo conselleiro de Sanidade ao darlle resposta á interpelación 29887 sobre o mesmo tema e formulada polo mesmo grupo parlamentario.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/10/2018 9:04:52



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: 29939 formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona María de la Concepción Burgo López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “o número pacientes de infarto que recibiron un tratamento de hemodinámica no Hospital Universitario Lucus Augusti, de Lugo, nos anos 2014, 2015, 2016, 2017 e no mes de xaneiro de 2018, así como o número dos que foron trasladados desde ese hospital ou desde calquera outro dos servizos sanitarios da provincia de Lugo ao Hospital Universitario da Coruña nese período”, (publicada no BOPG número 300 do 4 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O número de pacientes con diagnóstico de síndrome coronaria aguda con elevación do segmento ST (SCACEST) que recibiron tratamento de angioplastia primaria na sala de hemodinámica do Hospital Universitario Lucus Augusti de Lugo é o que se indica a continuación:

	HULA
2015	19
2016	29
2017	25
TOTAL	69

CVE-PREPAR: f33f2c74-6276-6b63-c9f8-f0615e27d019

Regaliam empezou a súa actividade o 1 de xuño de 2015, polo tanto os datos referidos ao ano 2015 corresponden aos meses de xuño a decembro.

En relación aos datos do 2017, estes corresponden aos meses de xaneiro a setembro que son os que están validados a data de hoxe.

Por outra parte, o número de pacientes que sufriron un infarto na área de Lugo e foron trasladados ao Hospital Universitario da Coruña nos anos 2015, 2016 e 2017 foi o que se indica na seguinte táboa:

	CHUAC
2015	58
2016	79
2017	66
TOTAL	203

Cómpre indicar que ademais de realización da angioplastia primaria a pacientes con SCACEST, reflectidos na táboa previa, na sala de hemodinámica do Hospital Universitario Lucus Augusti de Lugo realízanse numerosos procedementos terapéuticos distintos como son os de electrofisioloxía, extracción de corpo extraño intravascular, inserción de balón intraaórtico de contrapulsación, angioplastias en arterias periféricas e renais, entre outros.

A decisión da derivación dos pacientes con infarto á sala de hemodinámica e xestionada pola FPUSG-061, que selecciona a ambulancia máis adecuada para realizar o traslado do paciente desde o lugar do infarto á Unidade de Hemodinámica máis próxima. Esta avaliación da dispoñibilidade de ambulancias na contorna e a análise do tempo de traslado ao Servizo de Hemodiálise máis adecuado é unha función inherente á xestión realizada polo 061. Non existe



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 38458
Data envío: 10/10/2018 09:04:47.115

unha norma fixa neste sentido, unha vez que o recurso máis adecuado é consecuencia dunha análise profunda de cada situación.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: f33f2c74-6276-6b63-c9f8-f0615e27d019



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/10/2018 9:04:43



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38613
Data envío: 11/10/2018 14:08:56.757

Data 11/10/2018 14:08

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 29953** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión e as medidas previstas pola Xunta de Galicia respecto da actuación unilateral da Xerencia executiva do Hospital Comarcal de Monforte en relación coa estruturación dos servizos mínimos durante a folga convocada para o 24 e 26 de abril de 2018”**, (publicada no BOPG número 300 do 4 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“De acordo co artigo 2 da Orde do 19 de abril de 2018 pola que se determinaban os servizos mínimos durante a folga que afectou ao persoal do Hospital de Monforte a partir do día 24 de abril de 2018 (DOG n.º 78, do 23 de abril de 2018) a designación nominal de efectivos que debían cubrir os servizos mínimos, que debería recaer no persoal de xeito rotatorio, sería realizada pola xerencia executiva e notificada ao persoal designado, sendo recollido no anexo da orde o número de presenzas mínimas acordado para cubrir as xornadas de folga.

A autoridade gubernativa competente, mediante a citada Orde, determinou o mínimo de actividade necesaria para asegurar o mantemento dos servizos esenciais e determinou o persoal necesario para a súa prestación.

A xerencia executiva procedeu, no exercicio das súas competencias, á designación nominal dos efectivos que deben cubrir os servizos mínimos, dando cumprimento ao recollido na Orde do 19 de abril de 2018.

Consideramos que a capacidade negociadora da xerencia executiva do Hospital de

Monforte é a axeitada toda vez que, por unha parte mantén abertos os oportunos cauces de interlocución co comité de folga e por outra cómpre salientar que a folga foi inicialmente declarada non só polas organizacións CCOO, UGT, CIG e Sagap senón tamén polas organizacións sindicais CESM e SATSE, organizacións sindicais que procederon á desconvocatoria da folga, e mesmo houbo outra organización sindical, CSIF, que non chegou a declarar a folga, polo que resulta obxectivamente evidente a capacidade de consecución de acordos tanto da xerencia executiva como das organizacións sindicais antes referidas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/10/2018 14:08:53



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 29966** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández e dona Paula Vázquez Verao, sobre **“o prazo previsto polo Goberno galego para a atención das demandas do persoal referidas ás carencias de recursos humanos e materiais existentes no Hospital Comarcal de Monforte, os datos das listas de espera non estruturais do centro e o número de derivacións de intervencións de cirurxía xeral ao Hospital Universitario Lucus Augusti rexistradas nel”**, (publicada no BOPG número 300 do 4 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Os traballadores e traballadoras do Hospital de Monforte contan coas ferramentas e recursos necesarios que contribúen a mellorar o desempeño do seu traballo.

Nos últimos anos produciuse un aumento importante en relación cos recursos humanos do hospital, ofrecéndose novos servizos e reforzando algúns xa existentes. Asimesmo, tamén se fixo inversión para mellorar a infraestrutura do hospital e os recursos materiais do mesmo.

No Hospital de Monforte analízanse as necesidades do centro diariamente, realizando as contratacións para dar a cobertura necesaria. A Dirección do Centro segundo a carga de traballo, pode dispor dun traballador/a excedente no seu servizo para cubrir un posto da súa categoría noutro servizo.

Respecto a modificación unilateral de carteleiras, antes de realizar ningún cambio mantivéronse reunións tanto cos representantes dos traballadores como cos propios traballadores, ofrecéndolles as distintas opcións posibles para cumprir co acordo vixente.

A baixa lista de espera non estrutural no Hospital de Monforte débese a casos nos que os pacientes teñen algún problema médico asociado que require ser estudado antes de realizar a intervención ou a casos nos que o paciente solicita pospor a intervención por motivos persoais.

No Hospital de Monforte aténdese á gran maioría dos pacientes de cirurxía xeral, derivando ao HULA, o noso hospital de referencia, aqueles casos que requiren dunha técnica ou duns medios non dispoñibles no noso centro. Dita derivación é a mesma que en anos anteriores.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/10/2018 14:08:46



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38611
Data envío: 11/10/2018 14:08:41.913

Data 11/10/2018 14:08

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 29973** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“as razóns do Goberno galego para non xestionar de xeito eficaz a cobertura de prazas durante as baixas e vacacións do persoal nos centros de Atención Primaria, así como as súas previsións respecto da dotación ao Centro de Saúde do Temple, no concello de Cambre, dun pediatra en rolda de tarde e dun fisioterapeuta a maiores para evitar as listas de espera actuais”**, (publicada no BOPG número 300 do 4 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A xestión das coberturas no caso de ausencias é eficaz e eficiente e garante o correcto funcionamento do centro de saúde e a atención á saúde da poboación. Revisada a cobertura das ausencias no período estival de 2017, o 95% das ausencias de facultativos de medicina de familia e o 85% das ausencias de pediatría foron cubertas, asumindo os restantes días as atencións que precisaron asistencia urxente ou preferente ou ben os profesionais do centro de presenza ou ben os profesionais de atención continuada do PAC de Cambre-Carral, aberto as 24 horas do día os 365 días do ano.

As ratios de poboación atendida por profesional non acadan un volume suficiente para a creación dunha segunda praza de pediatría, xa que neste momento hai 1.000 TIS de menores de 15 anos (ratio axeitado para un so profesional) para a atención en pediatría, polo que non está previsto o incremento.

A unidade de fisioterapia de atención primaria conta con recursos e dotación de persoal similar a outras unidades. O persoal realiza a valoración das persoas que teñen indicado o tratamento e prográmanse as sesións segundo a priorización clínica que corresponde a

páxina 1 de 2

cada paciente.

A atención primaria en Galicia, e particularmente na Area Sanitaria da Coruña, proporciona servizos cuns elevados estándares de calidade, que se cumpren no concello de Cambre tanto na Unidade de Atención Primaria do Temple coma no Servizo de Atención Primaria de Cambre-Carral.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/10/2018 14:08:38



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38610
Data envío: 11/10/2018 14:08:34.679

Data 11/10/2018 14:08

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 30310** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“os datos do Goberno galego referidos ao uso do dispositivo intrauterino ESSURE polas mulleres en Galicia e os efectos adversos que lles está a ocasionar, a existencia dalgún protocolo no Sergas para a súa retirada, así como o que se estaba a seguir en relación coa información e consentimento para a súa implantación”**, (publicada no BOPG número 302 do 9 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Servizo Galego de Saúde está en contacto coa plataforma de afectadas para coñecer de primeira man as súas inquietudes co fin de dar a mellor resposta ás súas necesidades.

Todos os servizos de xinecoloxía do Servizo Galego de Saúde poden atender a estas mulleres e realizar a intervención, de ser clinicamente indicada, como así se está a facer na actualidade.

Existe un protocolo de consenso da Sociedade Española de Xinecoloxía e Obstetricia como referencia. No ámbito do Sergas un grupo de expertos elaborará un protocolo propio.

páxina 1 de 2

O Sergas dispón de medios humanos suficientes tanto en atención primaria, como en atención hospitalaria (servizos de xinecoloxía, anatomía patolóxica e radiodiagnóstico), para prestar atención sanitaria a estas afectadas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/10/2018 14:08:28



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38609
Data envío: 11/10/2018 14:08:24.616

Data 11/10/2018 14:08

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 30340** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao e dona Eva Solla Fernández, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia respecto da dotación á comarca do Salnés dunha ambulancia medicalizada durante todo o ano, así como o aumento da atención pediátrica e a cobertura das carencias de persoal e de recursos materiais existentes no Punto de Atención Continuada de Baltar, en Portonovo, no concello de Sanxenxo”**, (publicada no BOPG número 302 do 9 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A xestión dos recursos asistenciais das urxencias-ambulancias é competencia do 061, sendo este órgano quen, tras os oportunos estudos (actividade, isócronas, etc...) determina as necesidades de cada área e propón e, no seu caso, dispón dos medios para dar un servizo de calidade e atender as necesidades detectadas.

Como é sabido no período estival (xullo e agosto) o 061 de Galicia conta as 24 horas cunha ambulancia asistencial de soporte vital avanzado no Centro de Saúde de Baltar situado entre as localidades de Sanxenxo e Portonovo, precisamente, para dar cobertura ao incremento da actividade que se produce na área no período mencionado.

Ningún PAC está dotado de pediatra para urxencias nin nesta área nin en ningunha outra área sanitaria, toda vez que as urxencias pediátricas de toda a EOXI atópanse no Hospital Provincial, dotado dos medios e profesionais máis adecuados para atender a toda poboación infantil da área.

En canto á atención pediátrica ordinaria no Centro de Saúde de Baltar, é prestada por dous

páxina 1 de 2

CVE-PREPAR: 66ebe121-7560-af65-2a02-136804587a27

facultativos cun número de TIS asignados similar aos de outros centros de saúde da área.

A dotación do PAC de Baltar é moi similar á doutros concellos, ao igual que a dotación de recursos asistenciais manténdose dentro dos parámetros adecuados para garantir unha asistencia sanitaria de calidade. Por outra parte resaltar que dito PAC se reforza con máis facultativos durante o período estival para adaptarse ao incremento de poboación e consecuentemente de actividade.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/10/2018 14:08:18



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 30373** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“a opinión e as previsións do Goberno galego referidas ao nivel de recursos humanos e materiais que presenta o Hospital Comarcal do Salnés, en relación coas necesidades asistenciais da poboación, as razóns da perda de moitos deles, a consecuencia do seu destino ao Complexo Hospitalario de Pontevedra, así como a súa valoración respecto da necesidade de incorporar unha ambulancia tipo SVA con base nese hospital para mellorar a atención urxente da zona”**, (publicada no BOPG número 302 do 9 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A dotación dos recursos humanos e materiais da comarca do Salnés son o resultado dunha planificación sanitaria funcional realizada en base á poboación a atender, desde o punto de vista da promoción da saúde, prevención das enfermidades, atención sanitaria das doenzas e rehabilitación da saúde.

En canto aos recursos materiais as necesidades son atendidas a través do plan de necesidades anual de cada un dos centros sanitarios.

En xeral pódese considerar a atención sanitaria na comarca do Salnés como satisfactoria xa que os recursos sanitarios ofertados, tanto humanos como materias, son o resultado dunha planificación funcional elaborada no seu momento para cada un dos centros sanitarios existentes na comarca, para dar resposta á poboación que teñen de referencia. Esta planificación sanitaria irase revisando segundo a evolución demográfica que se produza na comarca.

En xeral a comarca do Salnés non ten ningún problema sanitario específico que a diferencie do resto do territorio da comunidade autónoma de Galicia. A dispersión e envellecemento da poboación son factores que dificultan e agravan a atención da poboación desde o punto de vista sanitario.

Para a atención no Salnés das persoas afectadas por infarto agudo de miocardio que precisan ser trasladadas utilízanse as ambulancias asistenciais de soporte vital avanzado con base en Pontevedra, nos meses de verán coa de Sanxenxo e os helicópteros de soporte vital avanzado fundamentalmente con base en Santiago.

Cando non se poden realizar os traslados cos medios que dispón 061 por estar ocupados noutros servizos utilízase a ambulancia asistencial de soporte vital avanzado para traslados interhospitalarios dos pacientes graves que ten o hospital do Salnés.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/10/2018 9:04:35



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38607
Data envío: 11/10/2018 14:08:13.944

Data 11/10/2018 14:08

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 30487** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“os informes da Comisión mixta de seguimento referidos á prestación de servizos pola empresa concesionaria no novo Hospital de Vigo, o papel que está a desenvolver ao respecto a persoa representante da Xunta de Galicia no consello de administración e as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego en relación co conflito laboral relacionado coas bolsas de roupa sucia”**, (publicada no BOPG número 306 do 18 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión plenaria do 19.06.2018- polo conselleiro de Sanidade ao darlle resposta á interpelación 31237 sobre similar tema e formulada pola mesma deputada.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

páxina 1 de 1



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/10/2018 14:08:11



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 30508** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o coñecemento polo Goberno galego dos problemas sinalados polo colectivo de mulleres afectadas polo uso do dispositivo intrauterino Essure, a existencia no Sergas dalgunha unidade de referencia e dalgún protocolo para o seu tratamento e atención, así como dos medios humanos e materiais necesarios para ese fin”**, (publicada no BOPG número 306 do 18 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Servizo Galego de Saúde está en contacto coa plataforma de afectadas para coñecer de primeira man as súas inquietudes co fin de dar a mellor resposta ás súas necesidades.

Todos os servizos de xinecoloxía do Servizo Galego de Saúde poden atender a estas mulleres e realizar a intervención, de ser clínicamente indicada, como así se está a facer na actualidade.

Existe un protocolo de consenso da Sociedade Española de Xinecoloxía e Obstetricia como referencia. No ámbito do Sergas un grupo de expertos elaborará un protocolo propio.

O Sergas dispón de medios humanos suficientes tanto en atención primaria, como en atención hospitalaria (servizos de xinecoloxía, anatomía patolóxica e radiodiagnóstico), para prestar atención sanitaria a estas afectadas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/10/2018 9:04:25



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 30535** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns do Sergas para prohibir o uso do Centro de Saúde de Cerdido para exposicións ou calquera outro fin que non teña carácter meramente asistencial”**, (publicada no BOPG número 306 do 18 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Os espazos sanitarios públicos da área sanitaria de Ferrol están vencellados a actividades relacionadas co ámbito sanitario.

Non constan solicitudes para empregar espazos públicos sanitarios para actividades non sanitarias no Centro de Saúde de Cerdido.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/10/2018 9:04:04



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 30678** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e de dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“a posibilidade do Goberno Galego de garantir o mesmo nivel de atención sanitaria en Galicia durante os meses de verán que no resto do ano, os datos, as previsións e a súa planificación ao respecto”**, (publicada no BOPG número 306 do 18 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Servizo Galego de Saúde leva a cabo unha planificación sobre cal será a ocupación prevista de camas durante a época de verán tanto por ingresos médicos como os derivados da actividade cirúrxica. Esta planificación elabórase tras un estudo no que se ten en conta a frecuentación das distintas áreas hospitalarias e en cada área sanitaria concreta, en períodos similares anteriores.

No caso de hospitalización, mantéñense operativos un 10-12 % máis de recursos dos que se prevé que van ser necesarios e o resto estarán dispoñibles en todo momento.

En resumen, a adecuación dos recursos asistenciais expónse como un conxunto de medidas de xestión que, garantindo a asistencia sanitaria aos usuarios, adáptase á realidade estival e preserva a eficiencia do noso sistema sanitario (como é obrigado nun sistema público)”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/10/2018 17:07:11



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 30728** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración da Xunta de Galicia respecto da reapertura do consultorio médico na parroquia de Oural, no concello de Sarria”**, (publicada no BOPG número 306 do 18 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Centro de Saúde de Sarria foi construído no ano 2011, e conta con 10 consultas para poder prestar unha asistencia sanitaria de calidade.

O cociente de TIS por profesional atópase nos rangos recomendados polas sociedades profesionais para prestar unha asistencia sanitaria de calidade.

A actividade anual dos profesionais sitúase en cifras similares ás doutros MF en diferentes centros de saúde.

As ausencias dos profesionais, estanse a cubrir cos mesmos criterios que en calquera outro centro de saúde, e que garanten unha asistencia e accesibilidade adecuada á poboación.

A dotación de profesionais realízase con criterios exclusivamente técnicos, que teñen en conta entre outros: o número de habitantes, a dispersión xeográfica, o envellecemento da poboación, a isócrona respecto do hospital de referencia así como do PAC, etc.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/10/2018 9:03:25



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38365
Data envío: 08/10/2018 14:40:50.449

Data 08/10/2018 14:40

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 30741** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e de dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da atención sanitaria que se está a prestar na comarca do Salnés e as actuacións que vai levar a cabo para a súa mellora”**, (publicada no BOPG número 306 do 18 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A dotación dos recursos humanos e materiais da comarca do Salnés é o resultado dunha planificación sanitaria funcional realizada en base á poboación a atender, desde o punto de vista da promoción da saúde, prevención das enfermidades, atención sanitaria das doenzas e rehabilitación da saúde.

En canto aos recursos materiais, as necesidades son atendidas a través do plan de necesidades anual de cada un dos centros sanitarios.

En xeral pódese considerar a atención sanitaria na comarca do Salnés como satisfactoria xa que os recursos sanitarios ofertados, tanto humanos como materias, son o resultado dunha planificación funcional elaborada no seu momento para cada un dos centros sanitarios existentes na comarca, para dar resposta á poboación que teñen de referencia. Esta planificación sanitaria irase revisando segundo a evolución demográfica que se produza na comarca.

En xeral a comarca do Salnés non ten ningún problema sanitario específico que a diferencie do resto do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. A dispersión e envellecemento da poboación son factores que dificultan e agravan a atención da poboación desde o punto de vista sanitario.

páxina 1 de 2

Para a atención no Salnés das persoas afectadas por infarto agudo de miocardio que precisan ser trasladadas utilízanse as ambulancias asistenciais de soporte vital avanzado con base en Pontevedra, nos meses de verán coa de Sanxenxo e os helicópteros de soporte vital avanzado, fundamentalmente con base en Santiago.

Cando non se poden realizar os traslados cos medios que dispón 061 por estar ocupados noutros servizos utilízase a ambulancia asistencial de soporte vital avanzado para traslados interhospitalarios dos pacientes graves que ten o hospital do Salnés”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/10/2018 14:40:45



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38606
Data envío: 11/10/2018 14:08:06.803

Data 11/10/2018 14:08

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 30764** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para garantir a asistencia sanitaria ás persoas estranxeiras na Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Lugo e a súa opinión en relación coas dificultades denunciadas ao respecto polas traballadoras sociais”**, (publicada no BOPG número 306 do 18 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“En Galicia deseñouse un instrumento, o Programa Galego de Protección Social da Saúde Pública (PGPSSP), que dende a entrada en vigor do RD 16/2012 permitiu seguir atendendo ás persoas que non reunían a condición de aseguradas, ou beneficiarias, e que non tiveran acceso ás prestacións sanitarias por outro medio.

A implantación do programa priorizou, en todo momento, a continuidade asistencial destas persoas, asegurando que quen o precisase puidera recibir a asistencia sanitaria que requirise.

Existen outros programas complementarios a este, o de atención aos menores estranxeiros en situación administrativa irregular que teñen acceso directo ao sistema sanitario público, de acordo co previsto no RD 16/2012; así como o programa de enfermidades transmisibles, polo que calquera inmigrante en situación irregular que non teña nin poida ter cobertura por outro medio, con sospeita dunha enfermidade infecciosa de declaración obrigatoria, ou

páxina 1 de 2

sospeita dela, recibe atención sanitaria.

O 31 de xullo de 2018 entrou en vigor o Real Decreto-Lei, do 27 de xullo, sobre o acceso universal ao Sistema Nacional de Salud.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/10/2018 14:08:01



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38605
Data envío: 11/10/2018 14:07:57.491

Data 11/10/2018 14:07

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 30767** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coas denuncias da Comisión do Centro do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense referidas ao uso das instalacións do novo aparcadoiro por profesionais de empresas externas, as súas razóns para non darlle resposta ás solicitudes desa comisión para o seu uso polo persoal do centro, así como para non asumir a súa xestión pública directa”**, (publicada no BOPG número 306 do 18 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Polo que respecta ao aparcadoiro a parte obxecto de licitación (parte de acceso de público en xeral), está a punto de adxudicarse a unha empresa con experiencia no sector que se adicará a súa xestión, xestión para a que un sistema de saúde non está preparada por non ser parte afín a súa actividade.

Con respecto á parte adicada a aparcadoiro dos traballadores, temos que dicir que en ningún momento se permitiu facer uso da mesma. Ningunha empresa nin particular tivo acceso permitido, podendo ter entrado algún vehículo de forma absolutamente puntual a requirimento desta xerencia co obxecto de introducir material para precisamente facer as adaptacións necesarias de cableado etc; e co fin de que puidera estar dispoñible para uso dos traballadores o antes posible.

Na actualidade estanse a rematar os traballos pendentes e agardamos poder poñer o

páxina 1 de 2

CVE-PREPAR: f4940d99-3773-f849-e9e3-f74e7349d8f7

aparcadoiro a disposición, tanto dos traballadores como da cidadanía, nos próximos días.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/10/2018 14:07:54



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 30841** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns do Goberno galego para non cubrir as baixas e vacacións do persoal facultativo do Servizo de Pediatría en Burela, Cervo e San Cibrao, así como as medidas previstas para evitar a repetición da situación xerada con esa decisión”**, (publicada no BOPG número 309 do 23 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Garantir a calidade da prestación sanitaria pediátrica nos Servizos de Atención Primaria contéplase como prioritaria. Non obstante é primordial poñer de manifesto que non existen especialistas en pediatría dispoñibles para ser contratados (feito que é facilmente comprobable en organismos oficiais, asociacións profesionais, listas de contratación, etc.) o que dificulta a cobertura do cadro de persoal desta categoría nas súas ausencias regulamentarias e situacións de incapacidade temporal. Este déficit de pediatras dificulta máis, se cabe, a cobertura nas zonas rurais e sobre todo as que cobren varias localidades.

O Servizo de atención primaria de Burela, conta con dúas pediatras. Unha delas é titular en situación de excedencia por coidado de fillos desde o 21/09/2017 e a súa cobertura foi asumida por outra médico de familia en posto de pediatría, que estivo en situación de Incapacidade Temporal desde o 25/09/2017 ata o 13/02/2018 e que seguidamente solicitou o permiso por maternidade que finalizou o 10/08/2018. A cobertura destes permisos é asumida por un profesional dous días a semana, dada a escaseza de profesionais que poidan asumir a consulta de pediatría nesta area sanitaria.

De xeito xeral esta Área Sanitaria, planifica, na medida do posible os permisos regulamentarios e situacións de incapacidade temporal dos profesionais dos centros asistenciais do seu ámbito, de tal xeito que non supoñan unha diminución da calidade asistencial. Por mor desta falta de dispoñibilidade material de pediatras en situación de desemprego, estamos a realizar importantes esforzos para manter de xeito continuado a atención pediátrica nos nosos Servizos de Atención Primaria. As ausencias dos profesionais e as súas substitucións estanse a valorar no conxunto da Área, utilizando os recursos dos que dispoñemos naqueles servizos onde son mais necesarios, sendo Burela un dos servizos prioritarios”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/10/2018 9:14:09



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 30973** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego para procurar unha saída consensuada ás demandas dos médicos internos residentes (MIR) do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense referidas á redistribución das áreas de descanso vixente desde o 10 de maio de 2018 e as razóns técnicas dos cambios introducidos”**, (publicada no BOPG número 309 do 23 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A dirección mantén o diálogo coa comisión de docencia, titores, residentes e representantes sindicais, na procura de chegar a un consenso, partindo da base que a Dirección non se trasladará do seu actual emprazamento provisional ata que remate o Plan Director, polo que, nos próximos meses, priorizando sempre ás necesidades do paciente e súa atención, será preciso reubicar temporalmente distintos servizos e persoal.

O novo emprazamento é provisional, xa que hai que lembrar que o hospital está inmerso nun plan director que permitirá a reforma integral das áreas de hospitalización e consultas do Cristal, proxectada e prevista nos próximos meses.

O motivo principal do cambio foi deixar libre o espazo ocupado por parte da administración do centro, na terceira planta do Cristal, para habilitar o novo Hospital de Día de Neumoloxía, obras que se iniciarán inmediatamente, prioritarias e que levan planificadas meses. O traslado á quinta planta, nun área que nunca estivo prevista para a actividade asistencial ou cirúrxica, permite reunificar estes servizos administrativos e reubicar, fora dun espazo de oficina, os seis cuartos de garda que quedaban nesta área. Destes seis dormitorios pasaron

a nove habitacións, ocupadas por pacientes, ata o seu traslado ao novo edificio de hospitalización, e que acaban de ser adaptadas e pintadas, nun área próxima á asistencial. En ningún caso aumentáronse os despachos destinados a dirección”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/10/2018 9:13:47



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: **30998** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coas reivindicacións laborais dos técnicos en coidados auxiliares de enfermería (TCAE) do novo hospital de Vigo referidas ao traslado das bolsas da roupa sucia e a retirada dos expedientes sancionadores iniciados, as razóns da empresa concesionaria para non asumir esa función e o seguimento que fai o Sergas da dispoñibilidade por esta do persoal necesario para a prestación dos servizos concesionados”**, (publicada no BOPG número 309 do 23 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A actividade de recollida da roupa do Hospital Público Álvaro Cunqueiro estase a realizar con normalidade.

O feito de encomendar a tarefa de trasladar a roupa sucia ás TCAES non é unha decisión arbitraria da Dirección, senón que esta actividade estase a realizar noutros centros hospitalarios por este colectivo, e está apoiada por abundante xurisprudencia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/10/2018 9:11:58



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38604
Data envío: 11/10/2018 14:07:49.178

Data 11/10/2018 14:07

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 31358** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os prexuízos que lle están a ocasionar aos doentes e aos profesionais do Centro de Saúde de Cambados as decisións do Goberno galego de non substituír os permisos e vacacións do persoal, así como de pechar o centro en horario de tarde durante o verán, e as súas previsións respecto da garantía da presenza de equipos completos de profesionais en todas as quedas do Punto de Atención Continuada”**, (publicada no BOPG número 312 do 30 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“As ausencias dos profesionais do Centro de Saúde de Cambados, están a cubrirse cos mesmos criterios que en calquera outro centro de saúde, e que garanten unha asistencia e accesibilidade adecuada á poboación.

A escaseza de Médicos de Familia e Pediatras é unha circunstancia coñecida por todos e que afecta non só á nosa área sanitaria ou a nosa CCAA, senón a todas as CCAA.

A pesar disto, desde a Xerencia faise o esforzo cada día en implementar medidas organizativas que ademais de garantir a asistencia permitan o goce de vacacións dos nosos profesionais.

páxina 1 de 2

Desde o ano 2012, durante o período de verán, a solicitude de ‘todos’ os médicos de cabeceira do Centro de Saúde a atención ordinaria realízase en horario de mañá (de 8 a 15 h.) o que permite a autoxestión das ausencias por vacacións do centro.

A intersubstitución dos profesionais dun Servizo de Atención Primaria, realízase de forma similar a como se realiza nun servizo de calquera outra especialidade hospitalaria.

Lembrar que o Punto de Atención Continuada (PAC) de Cambados mantén a súa actividade en horario de 15 a 8 horas e durante 24 horas os fins de semana e festivos. Neste sentido, as cifras de actividade de atención de urxencias extrahospitalarias do PAC revelan que atende una media diaria de 70-80 pacientes e, concretamente, en xullo e agosto dita media increméntase levemente ata os 74-84 pacientes.

Os datos oficiais do SERGAS reflicten que, cada ano, o 80% do incremento de asistencias estivais neste PAC cambadés coincide exclusivamente coa fin de semana de celebración da Festa do Albariño en agosto- cando a media de atención urxentes se duplica- volvendo ás cifras moderadas de actividade habitual durante o resto do verán”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/10/2018 14:07:40



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38603
Data envío: 11/10/2018 14:07:36.068

Data 11/10/2018 14:07

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 31483** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre “**as recomendacións do Consello de Contas de Galicia referidas ao servizo domiciliario de terapias respiratorias que se están a aplicar na práctica, o incremento polo Goberno galego do control respecto da execución do contrato na prestación do servizo e as súas previsións en relación coa recuperación da súa xestión pública**”, (publicada no BOPG número 316 do 6 de xuño de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“En relación á aplicación das recomendacións feitas polo Consello de Contas, foi creado e implantado un sistema de xestión de terapias respiratorias domiciliarias. Este sistema de xestión recolle desde o primeiro momento no que o facultativo xera unha prescrición ata que dita prescrición chega á empresa encargada de prestar o servizo no domicilio particular do doente.

Tamén contempla o seguimento e control da prestación do servizo, recollendo a información do retorno cunha dobre finalidade: o seguimento do tratamento por parte do médico e o control económico para realizar o pago da empresa adxudicataria.

Entre os puntos básicos do sistema de xestión están:

Que os facultativos acceden ao programa para poder realizar as súas prescricións de terapia respiratoria domiciliaria

Que se realiza un control previo das prescricións sobre a adecuación aos protocolos asistenciais vixentes no SERGAS.

Controlar que os facultativos poidan prescribir cada un dos tipos de terapia en función da súa especialidade. O resto de profesionais sanitarios de outras especialidades, con acceso a IANUS só poderán consultar as prescricións.

As empresas adxudicatarias do servizo consultan as prescricións válidas telematicamente.

As empresas comunican a información sobre o seguimento do tratamento por parte do paciente (consumos, eventos de instalación, avarías, substitucións, retiradas de equipos...).

Intégrase con outros sistemas do SERGAS para poder realizar comprobacións e detectar incidencias de todo tipo: falecementos, traslados, ingresos,...

Dispón dun módulo que permite xerar o cálculo mensual da facturación desglosado por paciente/terapia.

Por outra parte, aplicáronse as diferentes alternativas na contratación desta prestación en termos de competencia efectiva, economías de escala e de homoxeneización do servizo. Na actualidade, estase a traballar nunha nova licitación regulándose pola nova Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/10/2018 14:07:32



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38602

Data envío: 11/10/2018 14:07:28.521

Data 11/10/2018 14:07

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 31538** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“as razóns do Goberno galego para non cubrir as vacacións e permisos do persoal do Centro de Saúde de Cambados, a súa opinión en relación co peche do centro pola tarde e as medidas previstas ao respecto”**, (publicada no BOPG número 316 do 6 de xuño de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“As ausencias dos profesionais do Centro de Saúde de Cambados están a cubrirse cos mesmos criterios que en calquera outro centro de saúde, e que garanten unha asistencia e accesibilidade adecuada á poboación.

A escaseza de Médicos de Familia e Pediatras é unha circunstancia coñecida por todos e que afecta non só á nosa área sanitaria ou a nosa CCAA, senón a todas as CCAA.

A pesar disto, desde a Xerencia faise o esforzo, cada día en implementar medidas organizativas que ademais de garantir a asistencia, permitan o goce de vacacións dos nosos profesionais.

Desde o ano 2012, durante o período de verán, a solicitude de “todos” os médicos de cabeceira do Centro de Saúde a atención ordinaria realízase en horario de mañá (de 8 a 15 h.) o que permite a autoxestión das ausencias por vacacións do centro.

A intersubstitución dos profesionais dun Servizo de Atención Primaria, realízase de forma similar a como se realiza nun servizo de calquera outra especialidade hospitalaria.

Lembrar que o Punto de Atención Continuada (PAC) de Cambados mantén a súa actividade en horario de 15 a 8 horas e durante 24 horas os fins de semana e festivos. Neste sentido,

páxina 1 de 2

CVE-PREPAR: ae7b5195-e593-e7b3-0354-51c789caac45

as cifras de actividade de atención de urxencias extrahospitalarias do PAC revelan que atende una media diaria de 70-80 pacientes e, concretamente, en xullo e agosto dita media increméntase levemente ata os 74-84 pacientes.

Os datos oficiais do SERGAS reflicten que, cada ano, o 80% do incremento de asistencias estivais neste PAC cambadés coincide exclusivamente coa fin de semana de celebración da Festa do Albariño en agosto- cando a media de atención urxentes se duplica- volvendo ás cifras moderadas de actividade habitual durante o resto do verán.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/10/2018 14:07:25



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38601
Data envío: 11/10/2018 14:07:21.162

Data 11/10/2018 14:07

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 31544** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María de la Concepción Burgo López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns da inexistencia de servizo de pediatría e dun facultativo de garda ata a noite no concello de Baralla, a opinión e as previsións da Consellería de Sanidade ao respecto”**, (publicada no BOPG número 316 do 6 de xuño de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Centro de Saúde de Baralla conta con 3 médicos de cabeceira (media 850 TIS), 2 enfermeiros e 2 persoal de servizos xerais.

Ten asociadas 2692 Tarxetas Sanitarias, das que 142 corresponden a menores.

A asistencia pediátrica do municipio de Baralla lévase a cabo no Centro de Saúde do Corgo pola pediatra de área, os luns e mércores, en horario de 8:00 a 15:00 horas, e sen demoras para atención tanto de demanda como controles do neno san.

O resto dos días os nenos e nenas son atendidos no propio centro de Saúde de Baralla polos médicos de cabeceira que están totalmente capacitados para realizar dita tarefa, e se este considera que debe se visto por un pediatra a derivación faise inmediata (Becerréa, Láncara, Fingoi).

A Unidade de Atención Primaria de Baralla conta cunha carteira de servizos onde se inclúe atención adolescente/adulto/ancián, atención ao paciente crónico, domiciliaria, cirurxía

páxina 1 de 2

CVE-PREPAR: baf05285-82d6-a845-bbb4-60908d70f638

menor, control de tratamento con anticoagulantes orais (SINTROM), tramitación administrativa...

A atención durante as 15:00 ata as 8:00 horas do día seguinte, domingos e festivos préstase no PAC do Corgo a 15 Km de distancia e unha duración aproximada da viaxe de 16 minutos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/10/2018 14:07:17



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 38686
Data envío: 15/10/2018 09:17:34.454

Data 15/10/2018 09:17

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 31635** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“a opinión do Goberno galego referida á relación contractual que está a manter cos centros concertados para a prestación do servizo de diálise, a situación na que se atopa a regularización desas contratacións e as actuacións levadas a cabo para o cumprimento das recomendacións do Consello de Contas na materia, así como as razóns da demora na elaboración dun plan específico de saúde renal e das variacións detectadas por ese organismo nos servizos de hemodiálise”**, (publicada no BOPG número 316 do 6 de xuño de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A relación contractual entre a Consellería de Sanidade e os centros concertados para a prestación do servizo de hemodiálise na Comunidade cumpre cos criterios esixidos tanto pola normativa vixente como pola lei de transparencia.

Todas as contratacións entre a Consellería de Sanidade e os centros concertados están regularizadas, dispoñendo de concertos en vigor.

Adecuáronse as tarifas por sesión a un valor equivalente nas diferentes áreas sanitarias. Ademais, actualizáronse os concertos con cada centro así como se iniciaron procedementos en libre concorrència para a prestación da hemodiálise en determinadas áreas.

A patoloxía renal é variada, así como a etioloxía das súas diferentes patoloxías, e a diferente evolución de cada unha delas fan necesario que se elaboren procesos diferentes polo que a elaboración dunha estratexia xenérica de saúde renal non resulta adecuada.

páxina 1 de 2

CVE-PREPAR: be8510b2-eed8-5ef9-d4f7-39db96a61924

No ano 2016 subscribiuse un concerto específico para hemodiálisis con DIAVERUM, empresa que adquiriu a antiga clínica de Souto Boo. Desde entón renováronse as instalacións e adecuáronse ás tarifas. Desta forma, os prezos por sesión na clínica Souto Boo son semellantes ás das outros centros.

A media de custe por tratamento en Galicia de todos os centros é de 133,75 euros por sesión, cunha desviación típica de 5,88 segundo o centro de hemodialise. Tanto o importe por sesión como a desviación típica, indican que son valores adecuados á prestación sanitaria da que se trata”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/10/2018 9:17:23



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 31693** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia referidas ao desenvolvemento de medidas específicas para favorecer o inicio da actividade da asociación sen ánimo de lucro Por Eles TEA Ourense impulsada por pais e nais de persoas con autismo, a avaliación da posibilidade de establecer algún convenio de colaboración a través do Sergas, para dotala de persoal de reforzo e do material necesario, así como as súas intencións respecto do reforzo na cidade de Ourense da atención do Trastorno do Espectro do Autismo a través da sanidade e dos servizos sociais públicos”**, (publicada no BOPG número 316 do 6 de xuño de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O colectivo indicado non contactou coa Consellería de Sanidade polo que non se mantivo ningunha reunión con eles.

Desde o Servizo Galego de Saúde se facilita a actividade de entidades sen ánimo de lucro a través da sinatura de convenios ou mediante a convocatoria de subvencións en concorrencia competitiva. Ambas son medidas xenéricas.

O Servizo Galego de Saúde asinou un convenio con carácter anual coa Federación Autismo Galicia para o desenvolvemento de actividades de formación e sensibilización no entorno sanitario. O convenio asinado este ano está dotado con 10.925 €. A Federación agrupa a diversas entidades e organizacións de Galicia.

As competencias da Consellería de Sanidade limítanse á prestación dos servizos no ámbito dos complexos hospitalarios, tal e como se regula no Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a Rede galega de atención temperá.

Ata o momento, non se detectaron incidencias por parte da Asociación Autismo Ourense no cumprimento das obrigas relacionadas coa convocatoria de subvencións en réxime de concorrencia competitiva ás entidades privadas sen ánimo de lucro para a realización de programas de carácter socio sanitario”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/10/2018 14:07:10



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38647
Data envío: 11/10/2018 14:15:52.468

Data 11/10/2018 14:15

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 31840** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a actuación levada a cabo pola Dirección do Hospital Lucus Augusti de Lugo en relación co suicidio dunha doente nese centro o día 12 de maio de 2018 e as previsións do Goberno galego ao respecto”**, (publicada no BOPG número 319 do 13 de xuño de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“As actuacións levadas a cabo pola dirección do HULA foron as adecuadas. Dado que o suceso aconteceu un sábado o Xefe da Garda dese día asumiu a coordinación das actuacións de forma inmediata, estando desde o primeiro momento e xunto coa Supervisora de Enfermería de Garda ao fronte das mesmas.

A doente foi ingresada nun Servizo de Cirurxía. Esta doente foi valorada polo Servizo de Psiquiatría sen apreciarse risco autolítico e sen necesidade de traslado á Unidade de Agudos nin de aplicar o Protocolo de Pacientes Ingresados con Risco de suicidio.

Cando aconteceu este accidente non se atopaba ningún familiar da doente no hospital e foron informados telefonicamente polo facultativo responsable da doente. Loxicamente dada a gravidade do sucedido utilizouse o medio máis rápido, a comunicación telefónica.

Tanto o Xefe de Garda como a Supervisora estiveron pendentes da chegada dos familiares para atendelos.

páxina 1 de 2

Utilizouse o Sistema de Notificación de Eventos Adversos (SINAPS) realizándose unha análise para avaliar o acontecido e a proceder a aplicar as medidas de mellora necesarias.

Ademais de iniciar este procedemento a Dirección Asistencial, en concreto o Director de Procesos Asistenciais e o Director de Procesos con Ingreso, reuníronse cos familiares o día 16 de maio e informaron de todas as accións realizadas, e as que se estaban levando a cabo para a análise deste incidente. Ofrecéuselles atención Psicolóxica, sendo atendidos na Unidade de Saúde Mental correspondente e de forma inmediata.

O hospital ten establecido un programa de actuacións ante estas situacións e tamén ante a sospeita de condutas autolíticas, pero somos conscientes que, como se recolle no protocolo de pacientes ingresados con risco de suicidio, non existe ningún método totalmente fiable para prever o mesmo”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/10/2018 14:15:37



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 31997** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “ **as actuacións que está a levar a cabo e as previsións do Sergas para garantir a cobertura das prazas de pediatría necesarias nos centros de saúde de Coruxo e de Navia, en Vigo, así como as medidas que está a adoptar para garantir a atención pediátrica para o conxunto da poboación infantil de Galicia**”, (publicada no BOPG número 319 do 13 de xuño de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Efectivamente, a nosa intención é dotar ao Centro de Saúde de Navia, que non está masificado en absoluto e ten espazo e consultas libres, de pediatra e enfermería para asumir aos nenos que actualmente hai en Coruxo, e que desde mediados do mes en curso están sendo atendidos por unha substituta, ante a xubilación da titular da praza.

Coruxo dista apenas 3 km do centro de saúde de Navia, polo que non afectaría practicamente en nada aos seus usuarios, e menos se vemos as vantaxes que lles vai reportar ese curto desprazamento:

- liberdade de elección entre os 4 pediatras que terá Navia e non ser cautivo da imposibilidade de elección.
- ampliación da franxa horaria, ao estar dispoñible a atención pediátrica de mañá e de tarde.
- posibilidade de que os pediatras poidan facer unha atención en equipo naqueles casos máis complexos, xa que a existencia de máis dun pediatra permite consultar dúbidas e polo tanto unha atención máis resolutivea.

- garantía de continuidade, xa que con 4 pediatras a atención pediátrica está garantida todos os días hábiles do ano, cousa que non ocorre en Coruxo, onde as vacacións, os permisos, as ausencias imprevistas, etc, ante a ausencia de substitutos, fai que deban ser cubertas por médicos de familia, ou obriga a desprazar sistematicamente”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/10/2018 14:06:41



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38598
Data envío: 11/10/2018 14:06:36.770

Data 11/10/2018 14:06

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 32015** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a situación na que se atopa a execución e remate das obras do novo centro de saúde de Ares, a existencia dalgún problema para o traslado operativo ás novas instalacións do servizo de atención sanitaria que se está a prestar de xeito provisional na actual localización, así como os novos servizos sanitarios que se van implantar e os prazos previstos para a súa entrada en funcionamento”**, (publicada no BOPG número 319 do 13 de xuño de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O novo Centro de Saúde de Ares entrou en funcionamento o luns 9 de xullo de 2018. Este novo edificio permitirá tanto aos profesionais como aos pacientes e usuarios dispor dun centro de saúde máis moderno e adaptado ás necesidades de saúde presentes e futuras, das veciñas e veciños deste concello.

O centro de saúde de Ares ofrece a atención a un total de 4.814 tarxetas sanitarias, das que 560 son menores de 15 anos. Neste centro, traballan un total de tres especialistas en Medicina Familiar e Comunitaria, unha pediatra, unha matrona, catro profesionais de enfermería, e dous administrativos. Na súa carteira de servizos ofrécese atención ó adolescente, ó adulto, ó ancián, ó paciente crónico; e asistencia domiciliaria, pediátrica, da muller e do neno san.

Conta tamén con cirurxía menor, descentralización do tratamento de Anticoagulación Oral, con doppler vascular, con tonómetro, con petición electrónica do laboratorio e con consulta telefónica.

páxina 1 de 2

CVE-PREPAR: b5624d31-5778-9555-10e5-978cd3bed3e3

Pola súa banda, no primeiro andar habilitáronse tres consultas e dúas salas de enfermería, sala de educación da saúde, ademais doutras estancias coma despachos para xestión e coordinación, almacén ou consulta para matrona”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/10/2018 14:06:33



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38594
Data envío: 11/10/2018 14:06:10.614

Data 11/10/2018 14:06

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 32286** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os prazos previstos polo Goberno galego para solucionar as deficiencias que presenta o servizo de atención pediátrica do concello do Val do Dubra, a consecuencia da redución do seu horario de atención e o traslado a outro espazo do seu lugar de consulta”**, (publicada no BOPG número 323 do 20 de xuño de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Centro de Saúde de Vite e o Centro de Saúde de Val do Dubra conforman o Servizo de Atención Primaria de Val Do Dubra - Vite.

A atención pediátrica neste Servizo de Atención Primaria é dispensada por 2 pediatras. Un a tempo completo en Vite e a outra pediatra que atende media xornada en Val do Dubra e media en Vite de luns a venres.

O Centro de Saúde de Val do Dubra segundo datos de Tarxeta Sanitaria, ten inscritos a data actual 359 menores en idade pediátrica (de 0-14 anos), dos que unicamente 64 son menores de 3 anos.

A vista destes datos a cobertura poboacional pediátrica é axeitada, xa que os nenos de Val do Dubra teñen garantida a asistencia efectiva por un pediatra ben sexa no Centro de Saúde de Val do Dubra ou no de Vite.

páxina 1 de 2

CVE-PREPAR: 3d670d36-a040-8a71-1166-bbadc0e68418

Revisadas as axendas de pediatría de Val do Dubra constatamos que hai citas dispoñibles sen demora.

Examinadas as axendas en diferentes períodos e polo miúdo hai accesibilidade total polo que descoñecemos a aseveración que fan de demoras de 3 semanas.

A diminución da natalidade e a mellora das comunicacións viarias e telemáticas axudan a garantir unha asistencia de calidade optimizando os recursos humanos existentes, xestionando con rigor os mesmos e sendo totalmente accesibles.

Polo que se refire á nova ubicación da consulta de pediatría realizouse o cambio ante a petición dos pais dos nenos e nenas que consideraban que a consulta de pediatría e a de enfermaría estaban lonxe, o que obrigaba a vestir e espir os nenos dúas veces. Atendendo as suxestións dos pais optouse pola distribución actual”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/10/2018 14:06:07



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38646
Data envío: 11/10/2018 14:15:31.827

Data 11/10/2018 14:15

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 32312** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto do servizo de atención primaria que se está a prestar no concello de Forcarei, na provincia de Pontevedra, os datos ao respecto referidos ao Centro de Saúde de Soutelo de Montes e as actuacións previstas polo Sergas para garantir os servizos de matrona e de pediatría no Centro de Saúde de Forcarei durante o período vacacional”**, (publicada no BOPG número 323 do 20 de xuño de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A dotación en atención primaria é a adecuada para poder garantir unha asistencia sanitaria de calidade, tanto en adultos como na poboación infantil deste municipio.

O total de días no que se interrompeu o horario habitual de atención a pacientes foi de 4 días non completos senón que supuxeron 12 horas en total. Hai que indicar que a poboación nunca queda desatendida xa que se deriva ao Centro de Saúde de Forcarei (a 9 Km.) en horario de mañá, do mesmo xeito que o fai ao PAC de Cerdedo (a 9 Km.) todos os días do ano en horario de tarde ou festivos e fins de semana.

No que vai do ano 2018 foron atendidas un total de 66 emerxencias.

página 1 de 2

As ausencias de profesionais son cubertas cando se dispón de substituto, cando isto non é posible, realízase a xestión de ausencias programadas, procúrase un goce graduado das vacacións dos profesionais, de modo que se compatibilice o dereito ao descanso cunha cobertura e asistencia sanitaria de calidade.

A dotación de profesionais realízase con criterios exclusivamente técnicos, que teñen en conta entre outros: o número de habitantes, a dispersión xeográfica, o envellecemento da poboación, a isocrona respecto do Hospital de referencia así como do PAC, etc”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/10/2018 14:15:20



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2018 09:30
Nº Rexistro: 38685
Data envío: 15/10/2018 09:17:04.094

Data 15/10/2018 09:16

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 32323** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego en relación coa criterios que está a aplicar o Sergas para a atención das reivindicacións locais en materia de atención primaria, as súas previsións referidas ao investimento real levado a cabo ao remate de 2018 nas partidas orzamentarias destinadas a equipamento, construción e mellora de centros de saúde da provincia Pontevedra, así como as previsións ao respecto para o ano 2019”**, (publicada no BOPG número 323 do 20 de xuño de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A calidade asistencial na atención primaria é óptima. Nos orzamentos do 2018 recóllese en diferentes capítulos un incremento do 2,65 %. Nas últimas OPES priorizáronse as categorías propias do primeiro nivel asistencial como médico de familia, pediatra e enfermeiro especialista en enfermería familiar e comunitaria.

Polo que se refire aos centros de saúde desde o Sergas estase a levar a cabo un Plan tanto para a construción de novos centros de saúde como para a mellora e reforma de centros existentes”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

páxina 1 de 1



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/10/2018 9:16:41



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 32344** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as deficiencias detectadas nas cociñas da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Ourense, en particular na do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, o prazo previsto para a posta en funcionamento do novo servizo de cociña no novo edificio dese hospital e as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego na cociña actual namentres, así como a súa opinión respecto da garantía nesta das condicións de seguridade laboral ”**, (publicada no BOPG número 323 do 20 de xuño de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“En relación co servizo de cociña do Complexo Hospitalario de Ourense efectivamente recibíuse na Estrutura de Xestión Integrada de Ourense a proposta de requirimento da Inspección de Traballo e Seguridade Social, segundo o previsto no Real decreto 707/2002, do 19 de xullo.

De conformidade co establecido no artigo 5 do mencionado Real Decreto formuláronse as seguintes alegacións:

1. Queda constatado na proposta de requirimento da Inspección de Traballo o anuncio de contratación da obra para a construción dunha nova infraestrutura para a cociña do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, co fin de dotala dos espazos adecuados e eliminar as deficiencias estruturais das actuais instalacións, ubicándola no edificio do novo hospital.
2. A Unidade de Prevención de Riscos Laborais (UPRL) elaborou informe de visita, observándose determinadas deficiencias relativas ao mantemento e coidado do material, coincidindo coas observacións realizadas pola Inspección na súa proposta.

3. Ante dita situación tivo lugar unha reunión para analizar as deficiencias observadas así como establecer os ámbitos de actuación e medidas necesarias para a súa subsanación e poder determinar as medidas a levar a cabo mentres a nova cocina no estea en funcionamento.

Entre as medidas a adoptar están: revisar e facer cumprir os protocolos de limpeza, revisar os procedementos de traballo (cumprimento das normas de seguridade), constatar que os traballadores dispoñen de equipos de protección individual (EPIS) e se requirirá a súa utilización en orden a evitar los accidentes.

4. Remitiuse o Protocolo de limpeza a realizar nas dependencias da cociña, así como o Procedemento de limpeza no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, xunto coa táboa de frecuencia das tarefas, recordándose á empresa adxudicataria a obrigatoriedade no seu cumprimento. E tamén se ordena que inclúan estes procedementos específicos para a área de cociña no seu Manual de Procedementos do Servizo de Limpeza.

5. Nestes momentos foron realizadas as seguintes actuacións:

- Información aos traballadores dos circuítos a realizar
- Reparación de marmitas
- Reparación do cadro eléctrico e enchufes
- Protección da picadora de carne

En relación coa nova cociña que se instalará no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, de momento mantense a previsión de posta en funcionamento a finais do 2018”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/10/2018 14:05:54



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: **32602** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e de dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“a valoración da Xunta de Galicia respecto da posibilidade de adoptar medidas máis protectoras da confidencialidade dos datos persoais nos concursos e resolucións da Consellería de Sanidade”**, (publicada no BOPG número 329 do 29 de xuño de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Tendo en conta a normativa vixente sobre protección de datos, Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, no seu artigo 6 refírese á licitude do tratamento de datos de carácter persoal: O tratamento só será lícito se se cumpre polo menos una das seguintes condicións: (...) c) O tratamento é necesario para o cumprimento dunha obrigaón legal aplicable ao responsable do tratamento.

Partindo do contido do artigo 6. c) no que se lexitima o tratamento cando se trate do cumprimento dunha obrigaón legal, hai que referirse ao artigo 55 do Estatuto Básico do Empregado Público que sinala no seu apartado segundo, en desenvolvemento do artigo 103 da Constitución española: ‘As Administracións Públicas, entidades e organismos a que se refire o artigo 2 do presente Estatuto seleccionarán ao seu persoal funcionario e laboral mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais antes expresados, así como os establecidos a continuación:

- a) Publicidade das convocatorias e das súas bases.
- b) Transparencia.
- c) Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.
- d) Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.

e) Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.

f) Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección’.

Tamén sinalar que o artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, habilita a substitución da notificación pola publicación cando se trata de actos integrantes dun proceso selectivo ou de concorrencia competitiva de calquera tipo.

En consecuencia, existe unha Lei que, ao consagrar o principio de publicidade, expresamente prevé o tratamento de datos de carácter persoal, sen que poida cesarse no tratamento para lograr o bo fin do proceso selectivo. Polo tanto, non cabería exercer o dereito de oposición respecto dos datos de carácter persoal que sexan necesarios para o cumprimento do principio de publicidade e transparencia do proceso selectivo.

Tendo en conta a normativa sinalada así como o establecido na normativa de aplicación específica: Lei 55/2003 do Estatuto Marco do Persoal estatutario dos Servizos de Saúde, Decreto 206/2005 de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde e nas convocatorias dos procesos selectivos, nas cales se establecen como principios xerais dos procesos selectivos, entre outros, a publicidade e a transparencia, informamos que a publicación das listaxes de participantes nos diversos procesos selectivos e de provisión realízase mediante cifrado do DNI de forma que se publican (web do Servizo Galego de Saúde e/ou Diario Oficial de Galicia) unicamente os 4 últimos díxitos do mesmo xunto co nome e apelidos da persoa participante”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/10/2018 17:06:42



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 33076** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e de dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“a posibilidade de garantía polo Goberno galego do cumprimento das condicións sanitarias e de seguridade necesarias a partir do novo concurso para a concesión do transporte sanitario aéreo do 061 e as razóns das modificacións introducidas nas condicións exixidas á empresa concesionaria en termos de formación dos pilotos, características técnicas dos aparatos, medidas de seguridade e tipo de voo, así como a incidencia que van ter na cobertura do servizo”**, (publicada no BOPG número 335 do 11 de xullo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Como é a nosa obriga, cumpríranse as condicións no plano sanitario e de seguridade.

Entre outras medidas contéplase a presenza de tripulación con máis marxe antes da apertura da base para garantir a perfecta operatividade no oroto; solicítanse medidas que axudan a preservar a intimidade e comodidade do paciente como os cristais escurecidos, que axudan tamén ó mantemento dunha adecuada temperatura no interior e inclúense melloras no traslado de pacientes neonatais ca incorporación de incubadora específica para traslado aéreo.

Polo que se refire as condicións en termos de formación de pilotos e características técnicas dos aparatos e medidas de seguridade e tipo de voo solicítanse pilotos debidamente capacitados cun número de horas de vó superior a 1800 e con experiencia demostrada en transporte sanitario e rescate, o que significa unha garantía de seguridade tanto para os pacientes como para o persoal sanitario e o propio persoal do helicóptero.

Tamén nos novos pregos solicítase un sistema de climatización a base de aire acondicionado e calefacción para garantir unha temperatura de confort e seguridade dentro do helicóptero en calquera estación e durante toda a duración do servizo independentemente da duración do mesmo. Con isto melloramos tanto a seguridade do servizo ó non expor os pilotos a temperaturas extremas nos meses de verán.

Da mesma maneira melloramos as condicións de traballo do persoal sanitario o cal repercute na calidade de asistencia e traslado dos pacientes ós centros hospitalarios de destino.

Ademais os pacientes serán trasladados cas condicións necesarias de temperatura dentro de aeronave, de vital importancia no traslado de pacientes especialmente graves.

Tamén renóvase todo o equipo de electromedicina, incorporando respiradores, bombas de infusión e todo o resto do material necesario para atender a un paciente crítico cas últimas tecnoloxías. En todos os casos son esixidas medidas especiais e autorizadas para a súa correcta subxección e ubicación no interior da aeronave.

En canto as condicións de seguridade esixidas á tripulación non sofren variacións con respecto a actual licitación, manténdose que teñan piloto e copiloto e que poidan actuar como tales.

Evidentemente o servizo estará mellor cuberto xa que:

- Terá maior cobertura en tempo da poboación cun contrato que abarca de orto-ocaso. Este aumento do número de horas operativas das aeronaves terá lugar durante os meses de verán.
- Aumento do número de horas de servizo anual contratadas nos dous helicópteros.
- Redúcese o número de horas permitido para que a empresa concesionaria substitúa ou repare a aeronave en caso de avaría, minimizando ó máximo o tempo de inoperatividade do servizo aéreo.

Polo que se refire ao recurso especial en materia de contratación interposto por unha das empresas licitadoras contra a resolución de exclusión da súa oferta ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, comunican que foi desestimado na súa totalidade”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/10/2018 14:40:25



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: 33089 formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e de dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da garantía da cobertura pediátrica na atención primaria en Galicia nas mellores condicións posibles, a necesidade de mellorar a calidade da oferta formativa no senso de inserir maior formación pediátrica nela e as súas previsión en relación co inicio dun proceso extraordinario de contratación de pediatras para o Sergas”**, (publicada no BOPG número 335 do 11 de xullo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión plenaria do 10.07.2018- polo conselleiro de Sanidade ao darlle resposta á interpelación 2099 sobre similar tema e formulada polo mesmo grupo parlamentario”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/10/2018 14:39:57



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38588
Data envío: 11/10/2018 14:05:04.644

Data 11/10/2018 14:04

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 33124** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da substitución do facultativo do centro médico de Cabo de Cruz para evitar o seu peche durante os meses de verán”**, (publicada no BOPG número 335 do 11 de xullo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O peche do consultorio periférico de Cabo de Cruz en Boiro durante o período estival, vense realizando dende fai máis de 10 anos para poder compatibilizar o dereito dos profesionais ao desfrute das súas vacacións co dereito dos usuarios a recibir unha atención accesible e de calidade que terán no Centro de Saúde de Boiro que está a 4 km (9 minutos de duración do traxecto), e que dispón de 11 médicos xerais, 3 pediatras, 11 enfermeiras, 3 auxiliares de enfermaría, 1 matrona, 1 de odontoloxía, 1 de hixiene bucodental, 1 farmacéutico, 4 fisioterapeutas, 1 traballador social e 3 función administrativa”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

páxina 1 de 1



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/10/2018 14:04:48



RS/mm

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 28128** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don Antón Sánchez García e don Marcos Cal Ogando, sobre **“as estimacións que manexa a Xunta de Galicia en relación coas perdas do sistema portuario galego por mor dos danos causados polos temporais Ana, Félix e Gisele e as medidas que ten previsto adoptar para paliar e os danos sufridos pola frota de baixura como consecuencia deses mesmos temporais”**, (publicada no BOPG número 285 do 28 de marzo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Mar comunica que este asunto foi contestado na Comisión 8ª do 16 de marzo de 2018, a través dunha comparecencia a petición propia do presidente do ente público Portos de Galicia.

No inverno pasado, os fenómenos meteorolóxicos adversos que azotaron Galicia deixaron danos nunha trintena de portos autonómicos, sendo o máis afectado, polo momento, o de Cariño.

Os desperfectos sumaron unha contía total de máis de 1 millón de euros.

Dende Portos de Galicia mantemos unha liña de traballo permanente de prevención e alerta ante posibles efectos meteorolóxicos adversos como borrascas, temporais ou cicloxénese.

Neste marco, temos organizado un dispositivo de emerxencia que activamos de xeito automático ante calquera previsión meteorolóxica de alerta para intentar minimizar os danos dos temporais nas infraestruturas portuarias e reaccionar coa maior inmediatez unha vez que se producen desperfectos”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/10/2018 9:10:17



RS/mm

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 30337** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Carmen Santos Queiruga e outros/as deputados/as máis do mesmo grupo, sobre **“a información concreta da Xunta de Galicia en relación cos mecanismos de avaliación do stock previstos na resolución da Secretaría Xeral de Pesca referida ás disposicións de ordenación da pesca da sardiña ibérica nas augas ibéricas da zona CIEM VIIIc e IXa, así como coa posta en marcha dun programa de observadores científicos a bordo designados por esa secretaría, e as súas razóns para permitir a inxerencia doutra administración nas súas competencias sobre a xestión da pesca da sardiña pola arte do xeito.”**, (publicada no BOPG número 302 do 9 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Mar comunica que este asunto foi contestado na Comisión 8ª do pasado 20 de setembro de 2018, pola directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación tecnolóxica, a través da resposta ás iniciativas 33626 e 33660.

Pode consultarse o arquivo audiovisual no seguinte enderezo:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-8-pesca-marisqueo-2018-09-20?part=89392630-7baf-450d-b5d0-4dbf321cc0c3&start=72>

A Xunta traballou e traballa para establecer as medidas necesarias que permitan, por unha banda, recuperar a situación do stock da sardiña ibérica, e por outro manter a actividade pesqueira da frota de cerco e xeito que ten como especie obxectivo este peixe.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/10/2018 9:09:17



RS/mm

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 32976** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Julia Torregrosa Sañudo e outros/as deputados/as máis do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego en relación coa aplicación na actualidade da Orde do 26 de outubro de 2000, pola que se regula o abastecemento de semente de mexillón aos viveiros, as súas habilitacións, períodos e cantidades máximas de extracción por zona, así como as súas intencións respecto da súa actualización e, se é o caso, as modificacións que vai introducir”**, (publicada no BOPG número 335 do 11 de xullo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Mar está sempre en disposición de modificar as normas para conseguir unha mellor regulación e adaptación aos cambios, pero sempre actuando da man do sector.

Neste senso, a validez dunha norma non se mide en relación ao tempo transcorrido dende a súa publicación, senón pola eficacia durante a súa vixencia. E é que as normas, con independencia da súa data de publicación, deben ser interpretadas e aplicadas en relación co tempo da súa aplicación.

Desde a Consellería do Mar enténdese que a situación de coexistencia dos labores extractivos de mexilla e percebe non ten producido graves nin numerosos problemas nos últimos anos, xa que a sinalada coexistencia do percebe e da mexilla dáse na meirande parte da costa galega, realizándose a súa explotación comercial de forma coordinada e respectuosa entre especies e obxectivos da mesma.

En todo caso, a simultaneidade da presenza destas especies e a vontade de extracción de cada unha delas por parte de dous colectivos diferentes esixe dun respecto e igualdade nesa capacidade de acceso e de rendabilización. Amais, cabe recordar que o acceso aos recursos debe ser respectado para todos os colectivos que conforman a estrutura marítimo-pesqueira galega.

Polo tanto, existe unha normativa vixente coa que se pode explotar ambos recursos, e que, de ser necesario, se modificará, sempre co acordo do sector. Isto é así porque na Consellería do Mar estamos dispostos a mellorar o que existe, en aras a favorecer a explotación dos recursos de maneira sustentable, tanto bioloxicamente como social e economicamente.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/10/2018 9:08:41



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 33504**, formulada polo Grupo Parlamentario Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego en relación ao inicio e posta en servizo da nova estación intermodal de Coruña, así como os compromisos de cofinanciamento por distintas administracións públicas e os fondos UE aplicados ao proxecto”**, (publicada no BOPG número 342 do 27 de xullo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego está a apostar pola intermodalidade entre os distintos modos de transporte e leva anos traballando neste sentido, coordinando as actuacións necesarias para acadar esa intermodalidade nas principais cidades galegas, algo para o que ten conseguido o financiamento comunitario.

En agosto de 2016 foi contratada a asistencia técnica para a redacción do proxecto básico e de execución da terminal de autobuses integrada na estación intermodal da Coruña sobre a base dos estudos previos redactados en decembro do 2015.

Co obxecto de recoller todos os condicionantes e necesidades establecidos nos estudos previos da nova terminal e recollendo ademais, na medida do posible, as observacións das tres Administracións implicadas, presentouse en febreiro de 2017 o proxecto básico da estación de autobuses.

Tras isto, novos condicionantes solicitados polo Concello obrigaron a preparar un novo prego para licitar a redacción dun novo proxecto para a terminal de autobuses intermodal da Coruña. Actualmente estase traballando neste procedemento.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/10/2018 14:15:05



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 34739**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a información, enviada pola empresa comercializadora de gas natural, da obriga de revisión das instalacións dous anos antes do prazo establecido nos contratos”**, (publicada no BOPG número 351 do 4 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A pregunta foi atendida na intervención do director xeral de Enerxía e Minas da Consellería de Economía, Emprego e Industria, con motivo do debate da pregunta 34740 que tivo lugar na sesión do 4 de outubro de 2018 da Comisión 6ª de Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-6-industria-enerxia-comercio-turismo-2018-10-04?part=e6ced45f-1a3f-4196-9a1a-5e365ae6e07b&start=101.>”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/10/2018 14:14:52



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 35656**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións previstas polo Goberno galego para evitar o impacto do desenvolvemento do proxecto integrador da estación intermodal de Ourense no centro de Saúde da Ponte, así como a súa opinión respecto da súa afección no tráfico rodado da cidade, nas súas conexións, en materia acústica e na calidade do aire”**, (publicada no BOPG número 355 do 13 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“O proxecto da ‘Obra da terminal de autobuses integrada na estación intermodal de Ourense’ cuxa licitación se publicou no Diario Oficial de Galicia número 40, do luns 26 de febreiro de 2018, consonte co proxecto integrador aprobado de acordo coa Lei 3/2016 do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese, contou con todos os informes sectoriais favorables e foi aprobado por unanimidade pola Comisión Superior de Urbanismo, en sesión de 29 de novembro de 2017.

Dentro deste proxecto e na solución construtiva proposta, tívoise en conta especialmente o Centro de Saúde da Ponte. Para iso, partindo dos condicionantes da situación previa á actuación intermodal, acádanse melloras significativas con respecto á frecuencia de paso de vehículos pola contorna do centro de saúde, ampliando o espazo de transición entre o centro de saúde e as infraestruturas de transporte de viaxeiros e mellorando significativamente a calidade do espazo público do contorno do centro de saúde.

En base ao anterior, pásase da situación actual na que o centro de saúde está en contacto directo cun aparcadoiro e zonas de carga e descarga de vehículos de servizo, a unha situación futura que mellora a existente, mediante a integración dos equipamentos (centro de

saúde e estación intermodal), cunha zona verde de transición entre ambos de en torno a 15 metros de ancho, o soterramento do aparcadoiro de vehículos e a recuperación da praza da estación a carón do centro de saúde.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/10/2018 14:14:45



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 35793**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para demandar o abaratamento e ampliación da frecuencia horaria da liña Avant Ourense-Santiago de Compostela-A Coruña, o aumento do período de uso dos bonos de transporte Abono Tarxeta Plus, Tarxeta Plus 10 e Tarxeta Plus 10 Estudantes, así como a ampliación da frecuencia horaria da liña rexional Ourense-Santiago de Compostela”**, (publicada no BOPG número 355 do 13 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“Como xa tivo ocasión de explicar o director xeral de Mobilidade no marco da Comisión 2ª celebrada o pasado 22 de marzo de 2018, en resposta a unha iniciativa de similar contido e formulada por este mesmo grupo parlamentario (iniciativa número 26283), a Xunta de Galicia aposta por continuar a mellorar os servizos de transporte ferroviario no corredor Ourense-Santiago e a súa maior adaptación ás necesidades dos usuarios.

O Goberno galego segue con atención os servizos ferroviarios que se prestan en Galicia e vén demandando ante o Ministerio de Fomento, que é quen ten as competencias en materia ferroviaria, e ante a operadora Renfe, que continúen a traballar na súa mellora; e así o seguirá a demandar tamén ante o novo Goberno do Estado. Melloras referidas, entre outros aspectos, á adecuación das frecuencias e adecuación aos horarios demandados polos usuarios recorrentes; posibles transbordos con outras liñas; reforzo de servizos en épocas do ano con demandas especiais; flexibilización das condicións de uso dos bonos; redución de tarifas ou adaptación de oferta e demanda da liña rexional e estacións intermedias.

Neste sentido, o Goberno galego ten trasladado ao Ministerio de Fomento a necesidade de

seguir traballando para lograr un servizo máis adaptado ás necesidades reais dos cidadáns, en canto a horarios, transbordos e frecuencias, e de cara a avaliar mecanismos para un abaratamento das tarifas, en cumprimento do acordo parlamentario aprobado.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/10/2018 14:14:38



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 35806**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego en relación co anuncio de despedimento de 49 traballadores da fábrica de Sargadelos, en Cervo, as medidas previstas para garantir o mantemento dos postos de traballo e o futuro da factoría, así como os datos referidos ás axudas públicas recibidas pola empresa nos últimos oito anos”**, (publicada no BOPG número 355 do 13 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Esta pregunta foi atendida na intervención do conselleiro de Economía, Emprego e Industria, con motivo do debate da pregunta 35802 que tivo lugar na sesión plenaria do 26 de setembro de 2018.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-09-26?part=b88a0287-8cd0-4334-875d-b345acc32950&start=4336.](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-09-26?part=b88a0287-8cd0-4334-875d-b345acc32950&start=4336)”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/10/2018 14:03:56



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 36750**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don Francisco Casal Vidal e don José Manuel Lago Peñas, sobre “**a situación económica da empresa Isowat Made do Grupo Invertaresa**”, (publicada no BOPG número 360 do 21 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Esta pregunta foi atendida na intervención do director xeral do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), con motivo do debate da pregunta 36747 que tivo lugar na sesión do 4 de outubro de 2018 da Comisión 6º de Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-6-industria-enerxia-comercio-turismo-2018-10-04?part=e6ced45f-1a3f-4196-9a1a-5e365ae6e07b&start=7229.>”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,


A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/10/2018 14:14:25



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Tel. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727